

**100 propuestas  
para mejorar  
a competencia  
en comunicación  
lingüística**

As **100 propostas para mellorar a competencia en comunicación lingüística** forman parte do material **Máis recursos de Lingua** para 2.º ciclo de primaria, que é unha obra colectiva concibida, deseñada e creada no Departamento de Edicións Educativas de Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L., dirixido por **Antonio Brandi Fernández** e **Ana María Guerra Cañizo**.

**Edición:** Anxos Campos González, Afonso Toimil Castro e Amparo Tortosa Sanz.

**Dirección e coordinación editorial de primaria:** Maite López-Sáez Rodríguez-Piñero.

No proxecto **Competencias** colaboraron os profesores seguintes:

Casilda Bárcena, Fernando J. Cortiguera, Malena Fuentes, Daniel Gabarró, Javier López, Juan Ignacio Medina, Elena O'Callaghan, Maite López-Sáez, Inmaculada Díaz, Ana María Rodríguez, Adela Rodríguez e Martín Varela.

Programas especiais:

Método de ortografía PNL: Daniel Gabarró Berbegal.

Método de Resolución de Problemas: Javier López Apesteguía.

**Proxecto:** Xosé Luís Alzu.

**Edición:** Ánxela Carril, Xosé Luís Alzu e Anxos Campos.

**Deseño:** ARTI\*MAGOS (Malena F. Alzu).

**Maquetación:** Ester Marín, ARTI\*MAGOS (Malena F. Alzu) e Virtudes Llobet.

**Ilustración:** ARTI\*MAGOS (Esther Pérez-Cuadrado) e Esther Lecina.

**Corrección:** María Curros, Antón Palacio e Afonso Toimil.

**Dirección de arte:** Xosé Crespo González.

**Proxecto gráfico:** Estudio Pep Carrió.

**Xefa de proxecto:** Rosa Marín González.

**Coordinación de ilustración:** Carlos Aguilera Sevillano.

**Xefe de desenvolvemento de proxecto:** Xavier Tejeda de la Calle.

**Desenvolvemento gráfico:** Raúl de Andrés González, Rosa Barriga Gaitán e Jorge Gómez Tobar.

**Dirección técnica:** Ángel García Encinar.

**Coordinación técnica:** Ester Marín Otero e Jesús Muela Ramiro.

© 2012 by Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.  
Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela  
Printed in Spain

CP: 369798

Depósito legal:

Esta obra está protexida polas leis de dereitos de autor e a súa propiedade intelectual corresponde a Obradoiro/Santillana. Os usuarios lexítimos da obra soamente están autorizados a facer fotocopias para usalas como material da aula. Queda prohibida calquera outra utilización fóra dos usos permitidos, especialmente aquela que teña finalidades comerciais.

# Presentación

## As 100 propostas para mellorar a competencia en comunicación lingüística

Este proxecto reúne unha serie de propostas, suxestións e actividades dirixidas a mellorar a competencia lingüística. As propostas, insertas no proceso de ensinanza/aprendizaxe, teñen unha dobre dimensión, pois son complementarias e alternativas.

Son **complementarias** porque, aplicadas xunto á actividade habitual que realiza o profesorado e aos recursos que ofrecen os libros de texto e demais materiais didácticos, supoñen unha nova aproximación aos obxectivos escolares do ciclo. O seu trazo distintivo é o de estar enfocadas á aplicación dos coñecementos a contextos e situacións da vida cotiá.

Son **alternativas** porque o conxunto de propostas, aínda que están orientadas á consecución dos obxectivos curriculares, formulan a actividade desde outro punto de vista, de xeito que abren a porta a unha forma de ensinar e de aprender diferente.

## O lugar das 100 propostas no proceso didáctico

*As 100 propostas para mellorar a competencia en comunicación lingüística* sitúanse no ámbito en que o profesor experimentado, coñecedor da materia e das características dos seus alumnos, desexa utilizar un recurso diferente. Unhas veces, para que os alumnos que van máis atrasados se aproximen aos obxectivos básicos; outras, para reforzar a aprendizaxe con actividades que enlazan coa vida diaria; e outras, porque desexa comezar ou terminar a clase cunha actividade breve pero chea de interese, onde el e os propios alumnos teñan a sensación de que o obxectivo foi alcanzado en todas as súas dimensións.

## En que consisten as propostas

*As 100 propostas para mellorar a competencia en comunicación lingüística* preséntanse como 100 fichas independentes. Cada unha responde a un dos catro tipos de fichas que deseñamos: tres destinados ao profesorado e un para os alumnos. Estes son os tipos de propostas:

- 1. Proposta suxestión (S).** Trátase dun conxunto de ideas prácticas que permiten ao profesorado enfocar a materia ou un programa concreto desta para que a aprendizaxe sexa eficaz. Por exemplo, propoñerémolle como lograr que exista unha auténtica comunicación oral na clase, ou que a escritura sexa creativa, divertida e útil.

- 2. Proposta modelo (M).** Trátase dunha estratexia de traballo ou dun truco que, aínda que ten como destinatarios os alumnos, se ofrece ao profesorado para que o transmita coas súas explicacións.
- 3. Proposta banco de actividades (B).** É unha ficha dirixida ao profesorado en que se presenta unha serie de exercicios monográficos que o profesor entregará ou ditará aos seus alumnos no momento que considere oportuno.
- 4. Proposta de exercicios para os alumnos (F).** Trátase de fichas fotocopiáveis que se entregan aos alumnos para que fagan un exercicio. Na cabeceira de cada ficha infórmase do tipo de ficha de que se trata. As fichas fotocopiáveis recoñécense por teren a banda vertical en branco.

## De profesor a profesor

As 100 propostas para mellorar a competencia en comunicación lingüística foron redactadas por profesores e profesoras que levan moitos anos impartindo clase no segundo ciclo de Primaria. Aplicaron as estratexias e os trucos e seleccionaron os que lles deron mellores resultados.

## Contido e organización das propostas

Todas as propostas están referidas a contidos do currículo correspondente ao segundo ciclo de Educación Primaria. Están organizadas por bloques seguindo o programa oficial. Ao inicio de cada bloque e xunto ao título preséntase a competencia básica correspondente, redactada nos termos dos criterios de avaliación do currículo oficial. A continuación, detállase o índice de propostas para ese bloque identificando o tipo de ficha. Nesta disciplina, os bloques son os seguintes:

1. Comunicación oral.
2. Comunicación escrita. Lectura.
3. Comunicación escrita. Escritura.
4. Estudo da lingua. Gramática e Vocabulario.
5. Estudo da lingua. Ortografía.
6. Competencias transversais.

Se ben é verdade que todas as propostas están ligadas ao currículo, este material non pretende ser un libro paralelo, nin sequera un caderno de avaliación. Seleccionáronse os contidos esenciais de cada programa, dando maior importancia aos aspectos instrumentais nos cales os profesores coinciden en que é máis difícil chegar a todos os alumnos. Por iso, neste caderno referido á competencia lingüística dáse maior importancia e ofrécese un maior número de propostas orientadas á comprensión e expresión oral, á lectura comprensiva e á ortografía.

# Comunicación oral

## Competencias básicas

1. Ao acabar o proceso de aprendizaxe o alumno é capaz de participar activamente en situacións de comunicación na aula, respectando as normas do intercambio: gardar a vez de palabra, escoitar, mirar o interlocutor, manter o tema, entoar adecuadamente.
2. Ao acabar o proceso de aprendizaxe é capaz de captar o sentido global de textos orais de uso habitual, recoñecendo as ideas principais e secundarias.
3. Ao acabar o proceso de aprendizaxe é capaz de expresarse de forma oral mediante textos que presenten de xeito organizado feitos e vivencias.

## Índice

1. Falamos? (S) . . . . .	7
2. Trabalinguas e outros enredos (B) . . . . .	8
3. Versos para contar (B) . . . . .	9
4. O monólogo do superheroe (F) . . . . .	10
5. Que quixeches dicir? (F) . . . . .	11
6. Hoxe síntome... (F) . . . . .	12
7. Xente faladora (B) . . . . .	13
8. Escóitame e non te perderás (F) . . . . .	14
9. Adiviña de que che falo (B) . . . . .	15
10. Pon atención aos detalles! (B) . . . . .	16
11. Xogos de simulación (M) . . . . .	17
12. Vólvocho contar (M) . . . . .	18
13. Convéncete! (B) . . . . .	19
14. Como mo contaron, así cho conto (B) . . . . .	20
15. Trucos para memorizar poemas (F) . . . . .	21
16. Os mellores chistes (B) . . . . .	22
17. Instrucións por teléfono (B) . . . . .	23
18. Viaxar coa imaxinación (F) . . . . .	24
19. Diálogos pola radio (F) . . . . .	25
20. Un discurso de dous minutos! (B) . . . . .	26
21. Un ditado gráfico (F) . . . . .	27
22. Supertest de comunicación oral (F) . . . . .	28

## Anotacións para a aplicación das propostas sobre comunicación oral

DATA	N.º DE FICHA	OBSERVACIÓNS
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>

## Creación dun ambiente estimulante para a expresión oral

### Mellorar a comunicación oral

Ninguén dubida da importancia de lograr unha competencia aceptable en comunicación oral tanto na dimensión da escoita coma na da fala. Isto é moito máis evidente no momento actual, en que se advirten importantes carencias nesta habilidade da comunicación interpersonal.

Estamos convencidos de que as destrezas comunicativas se aprenden e desenvolven na aula, pero somos tamén conscientes de que neste campo o traballo adoita ser, aínda que intenso, pouco sistemático e sen unha clara definición e ordenación de obxectivos.

Para lograr unha maior eficacia no ámbito da comunicación oral é conveniente comezar creando un ámbito adecuado e rico en posibilidades. Aquí propoñemos unha serie de suxestións prácticas.



### Creación dun ambiente adecuado

1. Destinar un tempo concreto e especial dentro do asignado á materia de Lingua.
2. Preparar a clase, os pupitres ou as cadeiras de forma apropiada para que todos os alumnos poidan escoitar ou participar na comunicación segundo conveña.
3. Establecer de forma democrática unhas regras de comportamento centradas tanto no respecto a quen fala como a quen escoita.
4. Limitar o tempo de intervención a uns minutos.
5. Procurar que o orador reciba inmediatamente algún tipo de gratificación: aplauso, preguntas que mostren o interese, correccións amables e positivas...



### Graduar a dificultade das intervencións

1. O programa de comunicación ten que comezar coa lectura en voz alta de textos sinxelos e variados, coidando a relación co que escoita, a dicción, a pronunciación, a entoación, os tempos... Trátase de narracións breves, diálogos, trabalinguas, adiviñas, poemas, chistes...
2. Dar moita importancia á comprensión de textos orais da vida diaria (situacións escolares, radio, televisión, entrevistas...).
3. Pouco a pouco ir pasando da expresión dirixida á non dirixida para chegar á exposición en pequenos grupos entre compañeiros.
4. Finalmente, atrevémonos a exposicións en gran grupo: aos compañeiros da clase, a outras clases ou aos familiares máis directos.

### Aproveitar todas as ocasións para mellorar a expresión oral

Independentemente dos recursos que comentamos, temos que aproveitar todas as ocasións que se presentan na convivencia escolar para mellorar a comprensión e expresión oral: as preguntas e respostas, os avisos, as leccións, as conversas entre iguais... Este é, sen dúbida, o camiño máis eficaz.

## A expresión oral apoiada por unha boa dicción

### Por que trabalinguas?

Os trabalinguas constitúen un xogo divertido que non desgusta aos nenos cando non é excesiva a súa dificultade. Ademais, desde o punto de vista didáctico proporciona variadas aplicacións. Aquí, no recitado dos trabalinguas apreciaremos fundamentalmente o ton de voz, a pronunciación de sílabas difíciles, a fluidez e a correcta dicción. Non traballamos calquera trabalinguas, senón que seleccionamos os que permiten un mellor aproveitamento para o dominio da expresión oral.

### Como valoramos a actividade?

En primeiro lugar valoramos a actitude ante o auditorio: se fala cun volume suficiente para que se oia (non fala só para si), se articula con fluidez e claridade (non se para, non repite sílabas, non tateja...) e se controla a situación (móvese con nerviosismo, deixa de mirar para o auditorio).



### BANCO DE TRABALINGUAS

Dite aos seus alumnos varios trabalinguas en cada sesión ou déallelos fotocopiados.

1. A quartilla está cuadrículada, quen a descuadrícula será. O descuadrificador que a descuadrificare, bo descuadrificador será.
2. Por debaixo da mesa vai un pito coxo. Corre, pito, corre, corre, pito coxo. Corre, pito, corre, corre pito coxo.

3. Din que dan dúas ducias de doces onde deberan dar dez discos dobres. Se onde deberan dar dez discos dobres, dan doces, as dúbidas duplican os dons dados.
4. O ceo está enladrillado, quen o desenladrillará. O desenladrillador que o desenladrillare, bo desenladrillador será.
5. Se o teu gusto fose do meu gusto que gusta ao teu gusto, ¿que desgusto levará o teu gusto se o meu gusto non gusta do gusto que gusta ao teu gusto?
6. Se vou a Bueu nun bou, vou. Se non vou a Bueu nun bou, non vou.
7. Debaixo dunha pipa tinta hai unha pita tinta; cando a pipa tinta pinga, a pita pita pía.
8. O bruxo quería desembruxar a bruxa e a bruxa quería embruxar o bruxo, pero a bruxa Maruxa preguntou se o bruxo quería ser embruxado e o bruxo preguntou se a bruxa se desembruxaría.
9. Tres tristes tigres tragaban trigo nun trigal. Cal dos tres tristes tigres tragaba máis?
10. Cinco figafarzos novos afigafarzaron a figafarza vella; veu o figafarzo vello e afigafarizou os cinco figafarzos novos e mais a figafarza vella.
11. Se a col fose cara como Cara Caracol, fose col ou fose cara como caracol con cara.
12. Cando contas contos, conta cantos contos contos, porque cando contas contos, nunca contas cantos contos contos.
13. Cristina un cravo cravou, que cravo cravou Cristina? Cabral cravou un cravo, que cravo cravou Cabral?
14. Unha pérgara, párgara, pírgara; se non fose pírgara, párgara, pérgara non era pírgara, párgara, pérgara.



## Exercitar a expresividade nun poema narrativo

### Valoración

Ter en conta a capacidade de recordar os versos, o ritmo e a expresividade que corresponde a quen está contando algo interesante.

### BANCO

#### O piollo e a pulga

O piollo e a pulga querían casar. (Bis)

Non tiñan panciño para comezar. (Bis)

Sáfu a formiga do seu formigueiro: (Bis)

–Mandádeme recado, que eu son panadeiro. (Bis)

–Ai, miña vidiña, panciño xa temos! (Bis)

–Fáltanos carniña. Onde a atoparemos? (Bis)

E saíu o lobo detrás dun outeiro: (Bis)

–Mandádeme recado, que eu son carnicero. (Bis)

–Ai, miña vidiña, carniña xa temos! (Bis)

–Fáltannos manteis. Onde atoparemos? (Bis)

E saíu a araña da súa arañeira: (Bis)

–Sígase esa voda, que eu son tecedeira.

–Ai, miña vidiña, manteis xa temos! (Bis)

–Fáltanos gaitero. Onde o atoparemos? (Bis)

E saíu o grilo desde o seu «buxeiro»: (Bis)

–Por iso non quede, que eu son o gaitero. (Bis)

–Ai, miña vidiña, gaitero xa temos! (Bis)

–Fáltanos madriña. Onde a atoparemos? (Bis)

E saíu a ra da poza veciña: (Bis)

–Sígase esa voda, que eu son a madriña. (Bis)

–Ai, miña vidiña, madriña xa temos! (Bis)

–Fáltanos padriño. Onde o atoparemos? (Bis)

E saíu o rato do seu buraquiño: (Bis)

–Se prenden o gato, eu serei padriño. (Bis)

No medio da voda, con tanto ruído, (Bis)  
espertou o gato e comeu o padriño. (Bis)

POPULAR



Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Lectura dramatizada

**Le o texto varias veces e prepara a lectura en público. Debuxa marcas para saber onde farás unha pausa curta, unha pausa longa, cando mirarás o público para provocar a súa resposta, onde farás xestos e onde pronunciarás enfaticamente.**

### O superheroe

A min gústanme moito os superheroes. Coñezo unha chea deles:

Batman, Spiderman, Supermán...X

Pero decatástesvos de que todos os superheroes son americanos?

Estívono pensando e non puiden encontrar ningún máis próximo.

Ata que, ao final, se me ocorreu unha solución. Unha solución xenial. X

Eu propoño que se recoñeza o Rato Pérez como un auténtico superheroe!

Porque, a ver, que teñen Batman, Superman ou Spiderman que

non teña o Rato Pérez?, valentía?, poderes?, traxe de superheroe?,

identidade secreta?, noiva?

Se non estades convencidos, comparemos.

Se falamos de valentía, a Pérez non lle gaña ningúen. Cóbase nas casas, gabea polas camas e busca debaixo das almofadas... Todo isto sabendo que en calquera momento lle poden dar un vasoirazo...

E os seus poderes? O Rato Pérez ve na escuridade, diso non hai dúbida. Tamén debe ter un radar mental. Porque, como sabe, se non, de que che caeu un dente?

E vexamos o da identidade secreta. Todos sabemos que Supermán é xornalista no seu tempo libre, non si? Pois eu sei de boa fonte que o Rato Pérez traballa durante o día. É secretario do frautista de Hamelín. A que iso non o sabías?

O do traxe de superheroe é máis complicado. A verdade é que este rato non leva medias vermellas, nin capa, nin anteface..., nin falta lle fai. E é que Pérez é diferente. El non necesita disfrace, como os superheroes vulgares.

E agora, falemos da noiva. Pois este requisito tamén o cumpre. Eu lin nun conto que o Rato Pérez está casado... coa ratiña presumida! Pero é que, ademais, eu creo que o Rato Pérez é máis listo ca todos os superheroes xuntos. El é o único que construíu o seu propio castelo! Un castelo de dentes!

Así que, o que vos dixen, o Rato Pérez debe ser nomeado superheroe do mundo mundial, por méritos propios. Que levante a man quen estea de acordo comigo!

X- Pausa

X-Con misterio

INMACULADA DÍAZ

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Explicar o sentido figurado de expresións coloquiais

- 1** Entre todos descubride o sentido literal da expresión subliñada. Despois, pensade no que de verdade se quere dicir. Escribe o resultado.

- Fun cos maiores e metinme na boca do lobo.

O que di: A boca do lobo é un gran perigo. Pódete esnaquizar.

O que quere dicir: Con toda seguridade, terei problemas.



- Cando saímos do cine chovía a cántaros.

O que di: .....

.....

O que quere dicir: .....

.....



- Déronme as notas e deixáronme de pedra.

O que di: .....

.....

O que quere dicir: .....

.....



- Vin a Brais no cine, no parque, na piscina... Está ata na sopa!

O que di: .....

.....

O que quere dicir: .....

.....



- Cánsame Manuel, fala polas orellas.

O que di: .....

.....

O que quere dicir: .....

.....



Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Expresar sentimentos

**Le con atención os seguintes estados de ánimo. Despois, elixe os máis axeitados para expresar en voz alta o que sentes en cada unha das situacións que se describen.**

Aburrido	Cariñoso	Enfadado	Malhumorado	Seguro
Agradecido	Contento	Entretido	Medorento	Simpático
Alegre	Deprimido	Entusiasmado	Molesto	Solitario
Alterado	Desanimado	Espantado	Nervioso	Temeroso
Amable	Desesperado	Feliz	Pesimista	Tenro
Anoxado	Desgustado	Fracasado	Preocupado	Tenso
Antipático	Desmoralizado	Frustrado	Querido	Tímido
Asustado	Divertido	Furioso	Rabioso	Tranquilo
Aterrorizado	Encantado	Inseguro	Rexeitado	Triste
Avergoñado	Encolerizado	Irritado	Satisfeito	Valente

- 1 Di en voz alta como te sentes en cada unha das ocasións. Repite dúas veces o que dixeches pero cambiando a palabra de sentimento por outra semellante.**

**Marca na lista de arriba a palabra que utilizaches. Procura non repetir ningunha ata esgotar a lista.**

- Acábanme de dicir que a semana que vén imos de excursión ao parque de atraccións.  
Exemplo: Que boa nova! Hoxe estou **encantado**.  
Que boa nova! Hoxe estou **contento**.
- Despois de rematar o debuxo en cores, manchouseme de chocolate.
- Estiven toda a tarde lendo os cómics que me deixaches.
- Estiven toda a mañá pensando en que meus pais me virían buscar á porta do colexio. Pero non viñeron.
- Quédame moi pouco para entregar o traballo de Lingua. Non quero que me interrompa ninguén. E se alguén o fai, heille berrar enseguida.
- En canto abrín o paquete do regalo comprobei que era o que estaba desexando.



## Modelos de personaxes de gran competencia na expresión oral

Así como hai escritores famosos, tamén hai faladores famosos. Son moitas as persoas que gañan a vida utilizando o don da palabra e que son, en moitos aspectos, modelos para imitar. Cóntelles aos seus alumnos e alumnas algunhas das súas historias co obxectivo de estimular os seus esforzos por falar cada día mellor. Invite a algunha persoa que fale ben para que conte algo aos seus alumnos ou ben pídalles que eles poñan exemplos de persoas que consideran que falan moi ben. Cóntelles estas pequenas historias e fágalles preguntas.

### O narrador de romances Iván Gómez

Hai centos de anos case ninguén sabía ler. Os sucesos importantes compoñíanse en poemas sinxelos chamados **romances**.


Os **xograres** eran os encargados de narralos polas rúas e camiños. O narrador debía ter moi boa **memoria** para recordar os feitos e a forma dos versos. Estes romances non se escribían e transmitíanse oralmente.

*Atrévete a inventar uns versos contando algunhas cousas que fas durante o día?*

### O laretas León Salvador

Foi un personaxe moi popular no século pasado. Vendía cousas baratas nos mercados de vilas e cidades. Falaba sen parar pregoando as bondades dos seus produtos. Moitas veces non dicía a verdade, pero era tan convincente que conseguía vender todo o que quería. Tiña a grande habilidade de improvisar continuamente os seus argumentos.

*Poderías inventar un argumento para convencer un compañeiro para que che cambie o teu bolígrafo usado polo seu novo?*



### O tío Xocas, pregoeiro da vila

Ata hai algúns anos, o mellor instrumento de comunicación dos concellos das vilas era o **pregoeiro**. Tratábase dun empregado do concello que ía contando polas prazas os avisos que o alcalde quería que soubesen.

Colocábase no medio da praza, facía soar un típico cornetín e dicía algún pregón coma este: *Por orde do señor alcalde faise saber que no edificio do concello se instalou o veterinario para proceder a vacinar contra a rabia a todos os cans da vila.* E facía soar outra vez a corneta.

*Hai pregoeiros nas cidades?*

### Faladores do noso tempo

**Belén Regueira, locutora de radio.** Un locutor de radio ten que documentarse ben, falar con voz moi clara e pausada, e ten que ser capaz de improvisar ante calquera imprevisto.

*Podes nomear algún locutor de radio?*

**Xosé Manuel Olveira Pico, actor de teatro.** Un actor de teatro enfróntase cada día a un público que o escoita, que lle aplaude ou que o rexeita. Os actores prepáranse moi ben en escolas especiais de dramatización, teñen que ter boa voz e boa memoria.

*Gústache actuar no teatro?*

**Paula Carballeira, contacontos.** Moi coñecida como narradora de contos tanto para os nenos coma para os adultos. A súa primeira misión é captar a atención do auditorio. Despois ten que conseguir que se mantéña o interese todo o tempo. O contacontos debe evitar en todo momento a distracción e o aburrimiento do auditorio.

*Gústanche os contacontos?*




Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Describir correctamente un itinerario

**Imaxina que estás nunha rúa de Santiago e varios turistas che fan preguntas. Le as preguntas, despois observa o plano e contesta en voz alta ou escribe as respostas nun papel. Só podes utilizar estas palabras: á dereita, á esquerda, de fronte, xire, primeiro, despois. Se che faltan palabras, axúdate con xestos.**



- Un turista de Vigo: **Estou na praza da Inmaculada. Cal é o camiño máis curto para chegar á de Mazarelos?**
- Un turista inglés: **I am at the Obradoiro square. Where is Mercado de Abastos?** (contesta en galego)
- Un estudante que acaba de chegar: **Como vou do xardín de San Roque á Facultade de Xeografía e Historia?**

## Utilizar outras formas de expresión par transmitir unha mensaxe

Por natureza somos capaces de expresarnos con recursos non verbais. Podemos mellorar esta capacidade realizando actividades apropiadas. Estas actividades potencian diferentes criterios e habilidades de expresión:

- A valoración da comunicación e do uso da palabra.
- A creatividade.
- A comprensión.
- A expresividade.

Poña os seus alumnos en diversas situacións e faga que se expresen con xestos ata que os seus compañeiros adiviñen de que se trata. Poden ser algunhas das aquí propostas ou poden reproducir contos ou películas. En calquera caso, deixe que os alumnos elixan e presenten a situación eles mesmos.

Sería conveniente que a actividade tivese unha dimensión humorística ou competitiva para lograr que todos os alumnos se esforcen en poñer en xogo as súas habilidades persoais.

Valore tanto a calidade da expresión coma a agudeza da comprensión.

### PRIMEIRA SITUACIÓN

#### O oleiro

O oleiro traballa no seu obradoiro. Colle barro, amásao, manipúlao no torno, vaille dando forma á vasilla, cóllea nas mans, lévaa ao forno, dálla a outra persoa, cáelle, despérase ante a situación, colle os anacos e trata de pegalos pero vólvelle romper e dálles unha patada.



### SEGUNDA SITUACIÓN

#### O ladrón

O ladrón entra na casa por algunha ventá ou forcexando unha porta. Pon os guantes e acende a lanterna. Asegúrase de que non hai ninguén dentro. Vai rexistrando os caixóns, tirando cousas e metendo na súa bolsa outras. De pronto oe un ruído. Encóntrase co dono da casa que entra pola porta e tranquilízao. Quita os guantes e simula estar facendo algo na casa, coma se fose o home da limpeza.



### TERCEIRA SITUACIÓN

#### O amestrador

Eduardo está amestrando o seu can pequeno. Dálle instrucións moi sinxelas, dálle a ulir un pau e tírallo lonxe, o can tráello ás mans e é felicitado con aloumiños. Tras moitos exercicios, o can desaparece na distancia. Mira, busca e queda abatido. Ao final óese ao lonxe un ladrido e, ao pouco tempo, aparece o can.



## Atender e discriminar auditivamente diferentes informacións

### A concentración

É normal que os alumnos no transcurso da clase perdan a concentración ou que, nunha actividade determinada, non presten atención aos detalles que proporciona unha información. Nesas circunstancias vale a pena interromper a actividade que se estaba desenvolvendo para realizar un exercicio de atención e concentración.

Neste caderno propoñemos algúns exercicios de atención oral. Elixo o que máis lle interese e léao en voz alta moi amodo. Despois, pregunte polos detalles máis importantes que afectan á comprensión global do texto.

#### Texto 1. O armario de Roberto

Roberto abriu o armario para decidir que roupa poñer. Na parte esquerda viu dúas camisas, tres camisetas con mangas e unha sen mangas, tres pares de calcetíns brancos e dous de cor, dous pantalóns vaqueiros e un chándal azul. Na parte esquerda tiña un xerseí laranxa e catro calzóns empacotados nunha caixa de cartón e colocados na parte baixa do armario. Comprobaba que dalgunhas cousas tiña moita variedade e doutras, moi pouca. Ao final escolleu unha camisa, un xerseí, un chándal e calcetíns de cor.

#### Preguntas.

- Cantas camisetas tiña Roberto no armario?
- Tiña un impermeable?
- De que cor era o chándal que elixiu?
- Onde gardaba os calzóns?
- Onde estaba Roberto? En que cuarto?
- Como era o día, fresco ou caloroso?

#### Texto 2. Os piratas

Os piratas son o terror dos sete mares e o pesadelo de todos os navegantes honrados. Xamais te fies dun pirata. Nun abrir e pechar de ollos roubaranche o reloxo do

pulso e ata o bonobús do peto. Pero, sabes recoñecer un pirata? Verás, un auténtico pirata ten un garfo en lugar de man, un papagaio no ombreiro, un parche negro sobre un ollo, unha pata de pau e un sabre no cinto. Como lles gusta chamar a atención, visten con cores vivas e adornos de todas as clases. Os capitáns usan un gran sombreiro negro, adornado cunha caveira sobre dous longos ósos cruzados, e unha casaca con enormes petos nos que gardan as moedas, as balas de canón e os mapas.

COLIN HAWKINS, *Piratas*.

#### Preguntas.

- De cantos mares son o terror os piratas?
- Recordas cinco cousas para recoñecer un pirata?
- Que levan os capitáns piratas nos petos?

#### Texto 3. O avó

O avó di que o patrón levaba tempo querendo librarse de alguén, que estaba buscando unha escusa e que a vía de auga coa que volveu a porto o «Carminha» abondou para sacalo da tripulación.

O avó asegura que ía unha noite tan pecha que só cunha luz podería albiscarse o cabo do propio nariz, e xura que é unha mentira a versión que fixo correr o patrón coa axuda dos mariñeiros mozos, que só traballan coa ilusión do descanso semanal. Iso dixo.

Correuse a voz de que o avó tomara por golfiños os troncos que perdera un mercante, que por iso non dera a voz de alerta e que esa e non outra fora a orixe da vía de auga.

XAVIER LÓPEZ RODRÍGUEZ,

O dromedario nadador (Adaptación)

#### Preguntas.

- Que é o Carminha? Que lle pasou?
- A quen lle bota a culpa o patrón?
- Que opina o avó?



## Utilizar expresións de cortesía nos diálogos

Propóñalles aos alumnos as seguintes situacións de comunicación oral. Primeiro, conte o argumento dunha situación de comunicación oral. Escriba no encerado o guión que se suxire, no que se indican os pasos principais do desenvolvemento. Despois, pídalles aos alumnos que a verbalicen. Teña en conta especialmente o seguinte:

1. Os saúdos do comezo e da despedida.
2. A forma de facer as preguntas segundo o contexto.
3. A forma de responder.

Ao final, propoña un coloquio sobre o comportamento máis aconsellable, quen preguntou mellor e quen contestou mellor.

### PRIMEIRO CASO

O mesmo alumno fai as preguntas e as respostas.



**Situación.** Unha persoa acode a un hospital porque quere visitar un amigo ao que operaron dunha fractura producida mentres esquiaba. Diríxese a información: pregunta amablemente e expón o que busca. O encargado de información dille que pregunte en recepción. Na recepción aténdeo unha enfermeira. Explícalle á enfermeira como se chama e a quen busca e responde as preguntas que poida facerlle a enfermeira: non esquece nunca dicir «bos días» e «moitas grazas» e outras fórmulas de cortesía.

**Guión.** Saúdo, diálogo co encargado da información e diálogo coa enfermeira da recepción.

### SEGUNDO CASO

Alumnos por parellas crean os seguintes diálogos.



**Situación.** Unha persoa vai buscar emprego nunha oficina. Ten que falar co xefe de persoal, chamado señor Sousa. Pregunta na recepción, da recepción envíanlo á secretaria do señor Sousa. A secretaria preguntalle se trae o impreso cuberto. Non sabe de que impreso se trata, volve á recepción para pedir o impreso e despois sobe de novo para ver o señor Sousa.

**Guión.** Saúdo, diálogo co recepcionista, diálogo co secretario, solicitude de impreso na recepción, diálogo final co secretario.



**Situación.** Uns nenos máis vellos están xogando nas instalacións dun parque infantil. Trátase de pedirllas que abandonen os aparellos. Os nenos máis grandes resístense dicindo que tamén eles teñen dereito a xogar. Hai que buscar argumentos para convencelos de que marchen a outro sitio.

**Guión.** Diálogo cos máis grandes para modificar a situación sen provocar un conflito.

## Recontar con precisión un conto breve

Nesta actividade trátase de exercitar a capacidade de reproducir os elementos esenciais dun conto, achegando as modificacións ou outras características que se consideren oportunas. Lerase un conto en voz alta e os alumnos designados deberán de volvelo contar con coherencia, e introducindo os cambios pedidos.

### 1. Valoraranse as capacidades seguintes:

- Contar ordenadamente, distinguindo con claridade os tres tempos da narración: presentación, nó e desenlace.
- Describir con nitidez aceptable as características dos protagonistas, as da situación (problema, causalidade, etc.) e as do lugar e do tempo.
- Utilizar con propiedade expresións convencionais para comezar ou terminar a narración.
- Ser expresivos (no vocabulario utilizado, na creación dun clímax, no falar pausado e con boa entoación...).



### 2. O alumno poderá utilizar algunhas das seguintes estratexias para recordar e reformular o conto:

- Dividir unha folla do caderno en 4 partes. Unha para escribir o título e as outras tres para tomar notas sobre a presentación, o nó e o desenlace, respectivamente.
- Escoitar a narración do conto con moita atención. Escribir onde corresponda o título, as características dos protagonistas, o tempo, o lugar...
- Eliminar, a medida que se escoita, as partes do texto que non son esenciais.
- Antes de contar o conto, facer un pequeno guión mental ou sobre o papel, se o considera necesario.

## MODELO DE CONTO BREVE

### O león e o mosquito

Había unha vez un león fero e preguiceiro que pasaba as horas deitado, adormentado. Un caloroso día, deitouse á sombra dunha grande árbore. Pouco despois un mosquito empezou a zoar arredor del.

O león espertou rabioso e ruxiu:

–Como te atreves a molestar o rei dos animais! Non sabes que te pode esnaquizar simplemente co seu sopro?

–Tes moi mal xenio, pero eu non che teño medo.

O león ergueuse e dirixiuse a el coas fauces abertas. Entón o mosquito metéuselle polo nariz e empezouno a picar.

O orgulloso león remexíase sobre a herba, pero non se daba librado. O mosquito, seguro de si mesmo a pesar de ser tan pequeno, saíu do nariz do león e burrouse:

–De que che serve ser o rei da selva, se non podes nin cun pequeno animal?

E o diminuto insecto zoou de novo e foise meter nunha orella do león.

–Voules dicir a todos os habitantes da selva que non puides comigo.

Despois de encher o león de picadas, o mosquito saíu voando satisfeito e distraído. Con tan mala sorte que, ao pasar entre unhas pólas, quedou atrapado na tea dunha araña. Ao pouco chegou a araña e comeuno sen preguntarlle nada.



FÁBULA  
POPULAR  
CUBANA,  
O libro dos contos  
e das lendas.  
(Adaptación)


## Dar argumentos para convencer a outra persoa para que actúe dunha forma determinada

### Xogo de argumentos

Imos presentar este conxunto de actividades como un xogo. Ofrécense situacións da vida cotiá en que interveñen desexos, suxestións e ordes, e nelas débense improvisar argumentos para cada forma de actuar que se pretende conseguir.

Competirán dous alumnos en dúas fases. Na primeira, un argumenta e outro pon obxeccións aos razoamentos e, na segunda, cambian os papeis. Cando o primeiro queda sen argumentos ou está 30 segundos falando, pasa a quenda ao segundo.

Unha vez presentada a situación, o argumentador vai sumando razóns para que o outro obre dunha maneira determinada. Cando soe un sinal ten que argumentar para convencer o contrario. Por exemplo:



#### É un sábado solleiro de primavera

O xogador A intenta convencer ao xogador B de que colla os patíns para ir con outros compañeiros patinar ao parque. A argumentación podería producirse así:

–Roi, trae os patíns e imos ao parque, vai un día estupendo, sentarannos ben unhas carreiras.

–.....

–Tanto ten. Porque lle podes pedir prestados os patíns a Olga, que non pode vir..

–.....

–Todo o mundo sabe patinar. Podes ir máis amodo e así, se caes, non te mancarás. O que non patina é coma se non sabe andar.

### SOA A CAMPAÑA E CAMBIA A ARGUMENTACIÓN

–Non te empeñes en vir patinar. Vai moita calor e imos suar moito..

–.....

–Non, non valerá a pena ir ao parque porque seguro que non hai ninguén...

### Valoración da actividade

Teranse en conta estas capacidades:

a) de **comprensión da situación**, que se manifesta no adecuado rexistro da fala (segundo se trate dun compañeiro da mesma idade, dunha persoa maior ou dunha persoa descoñecida).

b) de **selección do argumento** máis eficaz para esta situación.

c) de **escoita atenta** da resposta da outra persoa para contraargumentar.

### EXEMPLOS DE SITUACIÓNS

1.<sup>a</sup> María quere convencer a Ismael de que a carteira que leva é incómoda, pouco útil e que debería regalarlle para desfacerse dela.

2.<sup>a</sup> Luís está xogando unha partida co videoxogo e eu quero que marche e que me deixe xogar un pouco.

3.<sup>a</sup> Meus pais queren que quede na casa tranquilo lendo e eu quero ir xogar un anaco ao parque cos meus mellores amigos. Teño que convencerlos con razóns de máis peso.



## Recordar as ideas principais dunha mensaxe oral

### Obxectivo

Narrar con soltura e con certa graza algo extraordinario que nos contaron ou que escoitamos na radio ou na televisión require habilidade e adestramento. A continuación, suxírense varias noticias que vostede lle pode propoñer a un alumno. Este recibirá a información e transmitiralla en voz baixa a outro compañeiro, este á súa vez a outro e así sucesivamente ata seis diferentes. Ao último alumno que escoitou a noticia pedirémoslle que a conte en voz alta e compararemos a versión última coa primeira.

### Valoración

Valoraranse as seguintes capacidades:

- de recoñecemento global da noticia.
- de retención dos detalles esenciais.
- de eliminación de detalles pouco importantes.
- de exactitude e brevidade.

### MODELOS DE NOTICIAS



#### 1. Apadriñar un can

(Adaptación dunha noticia emitida na televisión, 1/05/2012)

A Protectora de Animais de Lugo pon en marcha un programa de apadriñamento. Trescentos sesenta cans están acollidos actualmente nas instalacións desta sociedade. Para facer máis levadeira a súa estadía no centro, os responsables do mesmo van desenvolver un proxecto de apadriñamento. A iniciativa vai dirixida a persoas que gustan dos animais pero non teñen tempo nin espazo para telos na casa. A cambio dunha achega económica voluntaria, poderán estar en contacto co animal que escollan e facer un seguimento da súa vida diaria.

#### 2. Un avión moi especial

(Adaptación dunha noticia aparecida no xornal, 23/4/2008)

O párroco dunha igrexa brasileira iniciou hai algúns días unha viaxe moi especial coa intención de recadar fondos para edificar unha capela para os camioneiros. Xuntou mil globos inflados con helio e deixouse elevar aos ceos. O que ninguén esperaba é que o atrevido astronauta ía ascender máis do esperado e que, levado polo vento, desaparecese da vista dos abraizados espectadores.

As brigadas de salvamento, os bombeiros e o mesmo exército iniciaron unha busca ata o momento infrutuosa. Atoparon uns cincuenta globos no mar, polo que parece que está localizable. As autoridades teñen a certeza de que encontrarán o párroco sano e salvo porque levaba auga, alimentos para tan orixinal viaxe e un GPS para orientarse.

#### 3. Unha cadela acolle unha tigresa

(Adaptación dunha noticia publicada nunha revista, 20/06/2008).

En Moscova, unha tigresa acabada de nacer e chamada May foi acollida por unha nova familia despois de que súa nai a rexeitase. Os responsables do zoo comezaron a preocuparse pola saúde do cachorro e buscáronlle unha nova familia: unha cadela, Juchka, e os seus cadelos tamén acabados de nacer. «May adaptouse perfectamente á familia de acollida, e encántalle xogar cos seus irmáns e irmás», din os responsables do zoo.

Aínda que a cadela aleita a May, a tigresa tamén se alimenta dunha mestura de leite de cabra e crema para compensar o de tigre, que é de cinco a seis veces máis graxo ca o de can.



Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Recitar poemas breves

**Unhas persoas teñen máis facilidade ca outras para lembraren poemas, chistes e outros textos. Pero todas as persoas teñen que utilizar algunha clase de truco para recordar mellor.**

### 1 Le varios trucos e utilízalos para aprender os poemas desta ficha.

1. Ler o texto varias veces para comprender ben o que di.
2. Dividir o texto e ler dunha vez partes que teñan sentido completo.  
Por exemplo: de punto a punto, unha estrofa completa, un verso longo...
3. Recitar o poema léndoo en voz alta pero esaxerando o ritmo e a rima, coma se se estivese cantando.
4. Recitar o poema sen ler. Se non se recorda unha palabra, facer un son semellante ao da palabra esquecida e seguir adiante.
5. Recitar o poema coma quen está contando algo a outra persoa coñecida.

1

Todas as bolboretas  
que teño no xardín  
fan pases de baile  
mirando para min.

2

A de ás coloradas  
canta unha canción  
cun estribillo curto  
desde o balcón.

3

Mira aquelas dúas,  
¿que é o que fan?  
Bailan a muiñeira  
collidas da man

CONCHA BLANCO,  
Chuchamel



1

Foxe o río polo río  
caladiño, sen dar un chío.

2

Leva follas de ameneiro  
que esparexe no areeiro.

3

Escalos, troitas e anguías  
relocen nas augas frías.

4

Nas pólas das arboriñas  
chían merlos e andoriñas.

5

Sen présa, con auga a fío  
marcha día e noite o río.

XOSÉ NEIRA VILAS,  
Cantarolas

1

Se me dás un bico,  
eu pódoche dar  
amenceres claros  
e areas de sal.

2

Se me dás un bico,  
eu pódoche dar  
gargalladas brancas  
e rimas do val.

3

Se me dás un bico,  
eu pódoche dar  
dornas e solpores,  
furnas de cristal.

4

Dáme ese biquiño,  
que eu che quero dar  
catro ou cinco bicos  
de espuma de coral.

ANTONIO G. TEJEIRO,  
Bicos, bicos e máis bicos.

## Expressar oralmente relatos humorísticos

### Por que propoñemos un concurso de chistes?

Estas propostas teñen un dobre obxectivo; por unha parte exercitan a expresión oral e por outra exercitan a capacidade de comprensión, especialmente nos textos en que hai que descubrir e interpretar dobres sentidos ou xogos de palabras

Polo tanto, non é un mero exercicio humorístico para descubrir quen é máis gracioso e nin sequera un divertimento para pasar o tempo amablemente. Trátase de poñer en xogo diversas capacidades lingüísticas



### Que valoramos?

Para aproveitar o carácter formativo desta sesión fixarémonos especialmente nestes criterios de valoración.

- A comprensión expresada na explicación do xogo de palabras ou noutro recurso utilizado.
- A soltura na narración, na pronuncia e na entoación.
- O clima e as pausas estratéxicas para suscitar a boa reacción do público.
- O respecto a todas as actuacións.

### Recursos

- Mostrar seguridade. Un non é menos listo ou gracioso ca os demais.
- Elixir, para contar, o chiste que vaia mellor coas capacidades dun.
- Contar con naturalidade, sen espaventos nin esaxeracións.
- Memorizar ben o texto para evitar todo titubeo que corte o ritmo.

### BANCO DE CHISTES PARA MEMORIZAR E CONTAR

Un gato persegue dous ratos. Un dos ratos para e berra: «gual guaul!». Entón o gato sae correndo. O rato coméntalle ao seu amigo: «Decátaste da importancia de saber idiomas?»



...

Chega o neno da escola e a nai preguntalle:

- Que che dixeron do traballo que escribiches onte?
- Moi ben, mamá. A mestra emocionouse moito coa miña redacción.
- Si?
- Si, si, díxome que era un traballo que daba penal!

...

Unha señora preguntalle ao carpinteiro:  
–Poderame facer unha mesiña de noite?  
–Imposible –di o carpinteiro–, de noite non traballo.

...

Dúas señoras falan:  
–Púxenlle lentes ao meu fillo.  
–Que nome máis feo, non?



...

Un neno dille á nai:  
–Mamá! Fixen este crebacabezas en dúas semanas e na caixa di de 5 a 10 anos!

## Dar instrucións orais con orde e precisión

### Obxectivo

Ás veces as instrucións sobre operacións sinxelas son as máis difíciles de contar: unhas veces falta vocabulario preciso, outras non se conta con orde e, outras, a explicación é excesivamente abstracta ou pouco concisa.

Propoña aos alumnos que intenten responder por teléfono e de forma moi precisa algunhas peticións de instrucións.

Unha vez formulada a instrución, o oínte procura repetila ordenando os pasos que hai que dar para solucionar o problema.

### Valoración

Valoraranse especialmente estas capacidades:

- saber dicir para que son as instrucións.
- enunciar de forma clara cada paso que se debe dar.
- dicir de forma ordenada os sucesivos pasos para realizar a tarefa con eficacia.
- utilizar o vocabulario adecuado, especialmente referido aos termos que guían as accións (xira á dereita, aperta forte, cambia...).

### PRIMEIRO PROBLEMA

Non loce a lámpada da lanterna. Que teño que facer para que alumee? Que pasos teño que dar?



As instrucións terán que conter os seguintes elementos:

- Como saber se a lámpada está fundida.
- Como conseguir unha lámpada nova.
- Como quitar a lámpada que non loce.
- Como poñer e axustar a lámpada nova.
- Como comprobar que se fixo ben a operación.

(Vocabulario: pila, lámpada, rosca, casco, interruptor...)

### SEGUNDO PROBLEMA

Picóuseme o pneumático da roda dianteira da bicicleta.

Que teño que facer para quitar a roda e amañar a picada?




Elementos da resposta:

- Comprobar que a roda está picada.
- Como sacar a cámara do pneumático.
- Como amañar a picada.
- Como volver poñer a roda no seu sitio.
- Como comprobar que a operación está ben.
- Se hai que pedir axuda, a quen?

(Vocabulario: roda, pneumático, zapatas de freo, cámara, parche, porca...)

### TERCEIRO PROBLEMA

Quero sacarles punta aos meus lapis de cores co afialapis. Como teño que facelo para que non rompa a mina de cor?



Elementos da resposta:

- Comprobar que o afialapis está limpo.
- Introducir o lapis na posición correcta.
- Soster o afialapis. Xirar o lapis...

(Vocabulario: lapis, mina, coitela, oco...)

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Recoñecer os trazos da descrición dunha paisaxe

**Alberte envioulle a Lola varias fotografías de lugares onde pasou coa súa familia as vacacións. Despois, por teléfono, contoulle cousas sobre a paisaxe que aparece nunha das fotografías.**

- 1 **Escoita con atención a narración de Alberte e toma aquí as notas que che axuden a repetir despois a información.**

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....



(Texto oral na páxina 116)

- 2 **Axuda a Lola con estas actividades:**

- Marca a fotografía á que se estaba referindo Alberte.
- Record a en voz alta o que dixo Alberte, pero só o que corresponde á descrición da paisaxe.




Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Improvisar un diálogo

**Formade pequenos grupos para representar un breve diálogo pola radio. A ver que grupo o fai mellor!**

- 1** Estudade ben o cómic sen palabras e inventade un título e o diálogo. Un ten que facer de narrador realizando os comentarios que introducen o diálogo e os demais interveñen nel.



## Falar dun mesmo en público de maneira improvisada

Durante dous minutos, imos situar os alumnos ante unha situación improvisada que se pode producir en máis dunha ocasión, na clase ou noutros lugares.

Pode presentar esta improvisación como unha actividade de carácter progresivo que require varios intentos. É posible que na improvisación, nun primeiro intento, se lle ocorran poucas palabras a un alumno. Os seus compañeiros, de forma construtiva, indicaranlle o que fixo ben, o que non dixo, o que dixo mal; en definitiva, todo aquilo que o axude a mellorar. Por iso felicitáremolo e faremos algunhas suxestións máis. Ao final, calquera dos alumnos confiará nas súas posibilidades e estará mellor disposto para a improvisación.

### Aspectos de interese

- A improvisación debe cingirse ao tema que se propón e non derivar a outros contidos.
- Un debe falar de si mesmo con toda naturalidade, convencido de que todo o que vai dicir será respectado e ademais interesa.
- A confianza en si mesmo debe levar o emisor a dirixirse a todos mirándoos de fronte e falándolles directamente.



### SITUACIONES PARA A IMPROVISACIÓN

Léalles a situación aos alumnos. Elixo un para que faga a súa improvisación diante de todos e durante dous minutos.

#### Agradecemento

1. É o día do meu aniversario. Están comigo os meus mellores amigos da clase. Trouxéronme varios regalos: un libro, unha caixa de pinturas, unha bolsa, un balón... etc. Inviteinos a unha merenda e, antes de que marchen, diríxolles unhas palabras de agradecemento.

(Ideas: agradecer a presenza, citar os regalos, a felicitación, a amizade...)



#### Despedida

2. Meu pai foi trasladado para traballar noutra cidade. Con el mudámonos toda a familia. O lugar a onde imos din que é moi bonito, aínda que o novo colexio é moito máis pequeno ca este. Saio ao encerado para despedirme de todos.

(Ideas: lembrar os bos momentos pasados, prometer escribir, facer hipóteses do novo lugar...)

#### Petición

3. Encargáronme preparar un pequeno periódico da clase que teña catro páxinas. Ten que conter algunha noticia, algún conto, fotografías dos compañeiros da clase, chistes ou xogos... É moito traballo para min só e necesito colaboracións de diferentes clases.

(Ideas: pedir que cada un faga a súa achega, fixar unha data de entrega dos traballos, solicitar ideas para resolver a tarefa...)

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Comprender instrucións orais

**1** Fai un debuxo seguindo as instrucións que vas escoitar.



(Texto oral na páxina 116)

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Test de competencia na comunicación oral

**Marca en cada caso a resposta correcta.**

**1 Un actor conta en público as súas experiencias e opinións sobre situacións da súa vida. Que tipo de comunicación realiza?**

 Unha discusión. Un monólogo. Un diálogo.

**2 Nunha conversa, tes que usar estas palabras. Cal pronunciarás co son x de «taxi»?**

 imaxinación saxofón axexar

**3 Xoán comprou un cómic. Que comprou?**

 Un álbum de chistes. Un conto en imaxes. Unha novela.

**4 Vaslle facer unha pregunta a unha persoa maior que non coñeces. Como llo preguntarás?**

 Desculpe, podería dicirme por onde se vai a...? Oes, sabe por onde se vai...? Oia, vostede ten cara de sabelo, vou ben para...?

**5 Un compañeiro díxoches «vai mirar se chove». Que che quixo dicir?**

 Vai mirar o tempo. Fai unha cousa rara. Non quero saber de ti.

**6 Cal destes verbos indica que estiveches máis atento ás palabras do mestre?**

 Escoiteino. Oíno. Sentino. Comprendino.

**7 A mestra díxolle a Ana: «Escóitame!». Como debería reaccionar Ana?**

 Mirando pola ventá. Ollando á amiga. Mirando á mestra.

**8 Que che resulta mellor para recordar a explicación que che deron na clase?**

 Fixarme nun compañeiro que atende para preguntarlle despois. Tomar nota das ideas máis importantes para completalas despois. Repetir en silencio as palabras que vai dicindo o profesor.

# Comunicación escrita.

## Lectura

### Competencias básicas

4. Ao acabar o proceso de aprendizaxe, é capaz de localizar información concreta e de realizar inferencias directas na lectura de textos, recoñecendo as ideas principais e as secundarias.
5. Ao acabar o proceso de aprendizaxe, é capaz de interpretar e integrar as ideas propias coa información contida nos textos de uso escolar e social e mostrar a comprensión a través da lectura en voz alta.

### Índice

23. Animación á lectura eficaz (S) . . . . .	31
24. Pódese mellorar a competencia lectora (S) . . . . .	32
25. Reconstruímos un texto (F) . . . . .	33
26. Palabras borradas (F) . . . . .	34
27. Palabras desprazadas (F) . . . . .	35
28. Como é a túa velocidade lectora? (F) . . . . .	36
29. Que leo? (F) . . . . .	37
30. Palabras perdidas (F) . . . . .	38
31. Que texto é? (F) . . . . .	39
32. As fotografías falan! (F) . . . . .	40
33. Lemos os xornais por riba (F) . . . . .	41
34. Que título lle poñemos? (F) . . . . .	42
35. Erros no texto (F) . . . . .	43
36. Lemos mensaxes SMS (F) . . . . .	44
37. A resposta está no texto (F) . . . . .	45
38. Sabemos buscar a información? (F) . . . . .	46
39. Trucos para entender o enunciado dun problema (F) . . . . .	47
40. Lemos entre liñas (F) . . . . .	48
41. O significado das palabras (B) . . . . .	49
42. Tardará moito o autobús? (F) . . . . .	50
43. E ti, que opinas? (F) . . . . .	51
44. Supertest sobre os hábitos lectores (F) . . . . .	52



## Presentación da lectura eficaz

### A lectura, centro da aprendizaxe

É obvio que a lectura non é o único instrumento da aprendizaxe, pero tamén o é que, no noso tempo, a lectura é un medio necesario para chegar ao coñecemento. Con todo, de ser un instrumento necesario a ser útil e eficaz hai moita distancia. Constatamos continuamente que o dominio da mecánica da lectura está xeneralizado, pero conseguir que a lectura constitúa un auténtico instrumento de coñecemento, de pracer e de maduración persoal non está ao alcance de todos. Inmersos nesa conxuntura, temos que recoñecer que a escola ocupa un lugar privilexiado para dar ese paso.

Nesta proposta imos apuntar algunhas accións para conseguir que os nosos alumnos melloren na aventura da lectura, é dicir, accións que favorecen unha lectura eficaz.

**1. A importancia de ler bos textos.** A mellor maneira de introducir os alumnos na lectura eficaz son os textos narrativos: primeiro de carácter fantástico de acordo coa súa forma de reconstruír a realidade e, despois, de carácter máis realista. Os textos han de ser sempre de calidade e adecuados á idade dos alumnos. Outros mundos, outras experiencias, outras vidas, os valores... cobrarán vida presentados en boas narracións e espertarán o interese por seguir lendo.

**2. Descubrir o que hai detrás dun texto escrito.** Procuremos que o libro de lectura que os nenos teñen nas mans sexa algo «admirable». Dedicemos un tempo a presentar os **autores** e os **ilustradores** ademais de reservar algunhas das actividades do comentario da lectura para axuizar e valorar esta dimensión do libro de lectura.

Desde este punto de vista, é interesante que, ao rematar de ler un libro, escriban unha **ficha** cos aspectos máis significativos da obra. Isto complementarase cun **registro acumulativo**, en que os nosos alumnos van anotando os libros que van lendo durante o ano.

**3. Que aprendín con esta lectura?** Para conseguir que os lectores tomen conciencia do que supuxo a lectura para eles, analicemos a pertinencia e o interese das actividades que seguen á lectura dun texto. Se vemos que a cantidade ou dificultade se entenden como un traballo excesivo, evitémolos centrándonos no gozo da lectura recontando aquilo que lles chamou a atención. Procuremos que mencionen sempre o que lles gustou.

**4. Ser modelo de lectores.** Antes ca dar ordes sobre o que ler, cando ler e como ler, deamos o exemplo de ser bos lectores. Vaíamos con frecuencia cun **libro de lectura de maneira visible**, como fórmula para provocar a curiosidade dos alumnos: «Profe, que le...?».

Sen dúbida, o mellor medio para que o alumno camiñe cara á lectura eficaz é a lectura do adulto en voz alta. É dicir, a lectura capaz de encantar o neno e de facerlle sentir un pracer que no seu propio desenvolvemento como lector aínda non ten alcanzado.

**5. A biblioteca, santuario da lectura.** Temos que facer todo o posible para que os nosos alumnos se familiaricen coa biblioteca do centro. Que miren os libros, que os toquen, que os abran, aínda que logo os volvan deixar.

Facilitemos que pidan axuda aos bibliotecarios. Levemos os nosos alumnos ademais a unha biblioteca pública e animémoslos a que fagan o **carné de lector**.



## Perfeccionar a técnica lectora

### Que podo facer para ler mellor?

Aínda que os alumnos no segundo ciclo aínda non se formulasen a pregunta, se aumenta o seu interese pola lectura ocorreráselles. Ler é unha habilidade que se vai enriquecendo pouco e pouco e que pode mellorar coa utilización dalgúns técnicas. Intentemos que os alumnos coñezan algunhas delas e que as poñan en práctica

**Lectura en voz alta.** É a primeira forma de ler cando se está aprendendo. Agora facémolo como un exercicio de perfeccionamento. Unha vez lido un texto en voz baixa, que o lean en voz alta. A entoación, as pausas, a dramatización cando sexa necesario, evidenciarán que está comprendendo o que le. Mellorará na conciencia gramatical da separación de sílabas e palabras. Ademais, o son das palabras axudaráo a mellorar o vocabulario. Comprobamos unha boa lectura no rexistro de observación:

#### LECTURA EN VOZ ALTA

• Soletrea?	SI	NON
• Le palabra por palabra?	SI	NON
• Separa ben as palabras?	SI	NON
• Detense cando aparece unha palabra difícil ou ao final da liña?	SI	NON
• Entoa ben?	SI	NON
• «Canta» ao ler?	SI	NON

**Lectura silenciosa.** Supón un grao máis elevado de dominio lector. Nun principio o lector pronunciaba mentalmente as palabras. Debe conseguir non pronuncialas e así lerá máis rapidamente conseguindo unha mellor comprensión global. Isto lógrase con moito exercicio e procurando ler primeiro grupos de palabras xuntos e despois liñas curtas enteiras dun golpe de vista.

Comprobe que avanza nesta habilidade observando os seguintes aspectos:

#### LECTURA SILENCIOSA

• Soletrea?	SI	NON
• Move os labios coas sílabas?	SI	NON
• Despraza a vista lentamente sobre cada liña?	SI	NON
• Fai regresións en cada liña?	SI	NON

**Lectura rápida.** Ler cunha certa velocidade é cada vez máis importante porque temos moito que ler e porque ademais facilita a mellor comprensión global dun texto. En cambio, a velocidade lectora nunca se debe conseguir en detrimento da lectura comprensiva. Mellórase a velocidade a base de ler moito, de non soletrear nin pronunciar interiormente as sílabas e as palabras e de non facer regresións no texto. E xa nun grao de perfeccionamento, fixando a vista en bloques de texto. Isto adóitase conseguir tapando un texto parcialmente e deixando sen tapar o bloque de texto que queremos ler dun golpe de vista.

Comprobe se o alumno ten que mellorar esta habilidade ao observar o seguinte:

- Non segue aos seus compañeiros no tempo dedicado a unha lectura normal.
- O resultado da proba de velocidade lectora é moi baixo.
- Le de xeito encadeado cada liña do texto.
- Fai interrupcións na lectura e regresións cando non hai dificultade que o xustifique.

**Lectura intelixente.** Pódense aplicar técnicas para mellorar a comprensión. Por exemplo:

- Facer hipóteses sobre o contido da lectura e manter esa previsión durante a mesma.
- Non avanzar no texto sen coñecer o significado de palabras ou expresións do que se le. Ao principio convén facer unha pausa ata aclarar o significado; máis tarde, sempre que sexa posible, vale a pena facer o esforzo de descubrir o significado polo contexto.



Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Facer predicións na lectura

- 1** **Alberte copiou un texto, pero suprimiu algunhas oracións importantes. Le o texto e coloca as oracións que se suprimiron no lugar correspondente.**

## Os Xogos Olímpicos

Aquela mesma noite, e en segredo, reuníronse os anciáns da cidade co Comité Olímpico:

–Este Nerón é un mediocre. \_\_\_\_\_

–Si, pero non podemos esquecer que é moi perigoso. \_\_\_\_\_

–Temos que ser intelixentes. \_\_\_\_\_

–Si, temos que declaralo gañador de todas as probas en que participe.


–Pero –dixeron os anciáns– os gregos nunca nos comportamos desta maneira. \_\_\_\_\_

–Daquela falaremos con todos os participantes e explicarémolles o problema. \_\_\_\_\_

MERCEDES VIANA, *Os piratas van a Roma*. (Adaptación)

- Isto será o desprestixio do mundo grego!
- Soamente así o poderemos manexar como queremos.
- Seguro que chega sempre o último en todas as probas.
- Saberano entender e darannos a razón.
- Se declaramos gañadores aos verdadeiros vencedores, sen dúbida que nos fará matar.

- 2** **Le agora o texto completo en voz alta e compárao co dos teus compañeiros. Comentade entre vós por que puxestes cada oración nun sitio concreto e non no outro.**



Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Facer predicións na lectura

- 1 Unha avaría na impresora provocou que algunhas palabras aparezan medio borradas. Le o texto e pescuda, en cada caso, a palabra completa.**

## Un regalo para mamá

Franz levaba días pensando en que lle regalaría á súa mamá o Día da Nai. Tiña pouco diñeiro.

Un xabón? Un libro? Unha candeia? Nada lle parecía adecuado. Súa nai tiña de todo!

Ese día, pola noite, Franz e a súa mamá estiveron vendo fotos. Pasando as páxinas do álbum, chegaron ás fotos da avoa e da bisavoa de Franz. A bisavoa levaba un vestido longo de cor branca e un sombreiro xigantesco na cabeza, de á larga, con longas plumas e cun lazo moi longo ondeando ao vento. E moitas rosas.

Mamá mirou a foto, suspirou e dixo:

–Levaban sombreiros marabillosos! Mágoa que xa non se atopen sombreiros así!

Esa frase foi decisiva para o regalo que Franz lle pensou facer á súa mamá.

Ao día seguinte, Franz foi ao rocho buscar un enorme sombreiro de palla que mamá adoitaba poñer uns veráns atrás. Converteríao nun magnífico sombreiro antigo!!



CHRISTINE NÖSTLINGER, Historias de Franz. (Adaptación)

- 2 Le o texto en voz alta. Os teus compañeiros corríxiranche erros.**

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Facer predicións na lectura

**1** En cada unha das liñas deste texto algunha das palabras saltou á marxe. Indica cunha ou con dúas barras verticais o lugar onde debería estar situada.

▪ Exemplo:

A noite // selva continuaba / se fose a pleno día.

//	/
na	coma

## A noite africana

Cando se puxo o, o ceo vermello. As poucas nubes

sol	volveuse
-----	----------

que flotaban horizonte parecían anacos algodón

polo	de
------	----

comestible sabor a amorodo.

con	
-----	--

O primeiro chamou a atención de Sofía foi que África

que	en
-----	----

a noite chea de ruidos. Na cidade europea, cando a xente

está	súa
------	-----

se deitaba, pasaba algunha escandalosa un autobús nocturno,

moto	ou
------	----

pero só de en cando. Logo quedaba absoluto silencio.

en	vez
----	-----

Pero todos os animais parecían estar espertos. as

alí	Baixo
-----	-------

estrelas ceo acoledor, podíase escoitar facilmente o

moi	daquel
-----	--------

ouveo chacal, a risa hiena, a leria nocturna dalgúns

do	da
----	----

papagaios o ruxido da leoa. Os antílopes e gacelas descansaban,

e	as
---	----

sempre espreita, preparando a súa fuxida en caso de atacados.

ser	á
-----	---

algúns monos, os humanos, parecían durmir apraciblemente.

como	Só
------	----

CARLOS PUERTO, Un hipopótamo na miña maleta. (Adaptación)



**2** Le o texto completo en voz alta e compárao co dos teus compañeiros.

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Ler co ritmo e coa velocidade adecuados ao texto

- 1 Comeza a ler o texto cando che dea o sinal. Pasado 1 minuto avisarante e marcarás a última palabra que leses.**

## Os dous irmáns e a fada

Era unha vez un pai con dous fillos: o herdeiro, moi guapo, pero preguiceiro e malvado, e o máis novo, cun corazón de ouro, pero moi feo.

Preto da vila había un monte que escondía unha cova. Dicían que era o sinal dunha fada a quen lle gustaba moito rirse dos camiñantes. Por iso ninguén se achegaba nunca.

Un día os irmáns saíron de excursión e o máis vello quixo gastarlle unha broma ao máis novo. Pensou que quizais a fada o convertese nun sapo e díxolle:

–Espérame na cova, que eu volvo axiña!

Cando o irmán bo entrou na cova, a fada convidouno a nadar no seu lago máxico e el aceptou encantado e agradecido. Ao verse reflectido deuse de conta de que se convertera nun rapaz moi guapo. A fada explicoulle que agora o seu corpo era tan bonito coma o seu corazón e despois desapareceu. Esa noite o irmán máis vello decidiu que ao día seguinte el tamén iría ao monte. E foi. Cando chegou xunto á cova, tamén recibiu a invitación da fada, pero ao saír do lago máxico a súa cara parecía a dun porco engurrado.

–Este non son eu! –berrou–. Eu son un rapaz moi guapo e non este porco.

–Si que es ti, porque o teu corpo é tan feo coma o teu corazón –díxolle a fada.

E antes de desaparecer engadiu:

–Pero se cambias o teu corazón, o teu corpo volverá ser coma antes.

A partir daquel día, o irmán máis vello foi máis amable e xeneroso e, pasado o tempo, volveu ser guapo coma antes. Pero quedoulle a lección ben aprendida!

CONTO POPULAR



**RESULTADO** ► Total de palabras/minuto

Total de erros

Tipo de erros:

A Soletreo

B Lectura palabra a palabra

C Repeticións


D Oracións mal lidas

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Facer hipóteses sobre o tipo de texto partindo da cuberta do libro

**Queremos comprar un libro. No escaparate da librería vimos destacados estes catro; de que tratará cada un? Observa ben as cubertas e responde as preguntas.**



**1** Escribe a letra que corresponde ao contido do libro.

- Natureza \_\_\_\_\_
- Historia \_\_\_\_\_
- Poesía \_\_\_\_\_
- Aventuras \_\_\_\_\_

**2** Escribe a letra do libro que pode conter cada unha destas expresións:

- A extensión das raíces é moi variable.
- No país de Nunca Xamais un cofre do tesouro contén:
- Para a Historia, o Monte Medulio simboliza a fin do mundo castrexo e o comezo do mundo galaico-romano.
- Andan de ruada todos os luceiros e as estrelas levan dengues amarelos.

LECTURA

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Facer predicións na lectura

- 1** En cada unha das liñas do texto, desapareceron algunhas palabras. Le o texto e indica, en cada caso, as palabras que faltan.

### A decisión

Mariña e os seus amigos \_\_\_\_\_ nunha vila que miraba ao mar e que tiña, ou iso se comentaba, espíritos no \_\_\_\_\_ da igrexa. O lugar era \_\_\_\_\_ como O Novo.

No Novo había persoas que lles tiñan medo ás pantasma, outras que non llelo \_\_\_\_\_ e outras que non crían nelas.

A Mariña \_\_\_\_\_ o seu \_\_\_\_\_ un día:

–Mira, aos espíritos e ás pantasma non lles hai que ter medo.

A quen llelo hai que ter é aos \_\_\_\_\_ que son os que che poden facer \_\_\_\_\_.


O \_\_\_\_\_ empezou o día que Paio, un \_\_\_\_\_ seu, lle soltou:

–Oes, e se imos unha \_\_\_\_\_ con Diego e Sabela deica a igrexa ver as pantasma?

–Ti toleaches –contestoulle Mariña– e se che parece, levantámoslles as \_\_\_\_\_ para ver que hai debaixo!

Pero Paio non estaba de \_\_\_\_\_ e seguiu coa mesma leria. Ata que un \_\_\_\_\_... llo dixo a Diego e Sabela.

–Que imos ir onde? –preguntou Sabela abrindo os \_\_\_\_\_.



LOURDES MACEIRAS, A pantasma da torre (Adaptación)

- 2** Contrasta o texto que fixeches co dos teus compañeiros. Coincidistes nas mesmas palabras? Se non coincidistes, ten o mesmo significado o texto?

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Identificar diferentes xéneros textuais

**1** Abrimos un libro que se titula *Neve* e vemos que contén diferentes clases de textos. Leos por enriba e di que clase de texto é cada un. Despois, subliña en cada texto a expresión, frase ou outro detalle que che axudase a facer a clasificación.

UN POEMA

UNHA EXPLICACIÓN CIENTÍFICA

UN CONTO

UNHA NOTICIA

### 1. A raíña das neves

Unha noite, cando Kay estaba a medio espirse, subiu á cadeira que había onda a ventá e mirou a través do cristal. Na rúa caían algunhas folerpas de neve; unha delas, a máis grande, quedou no bordo dun testo de flores e comezou a crecer e crecer deica converterse nunha muller vestida cun marabilloso manto branco que parecía feito de millóns de folerpas estreladas. O neno asustouse de tal xeito que caeu da cadeira.

H. C. ANDERSEN, *A raíña das Neves* (Adaptación)

▪ É \_\_\_\_\_

### 2. Neva

Neva no bico do cume.  
Neva xa pola ladeira  
neva no teito e na eira.  
(...)

Cai a neve cai e cai  
falopiña a falopiña  
nin o vento a arremuñña  
nin a auga a desfai.

UXÍO NOVONEYRA, *Os eidos*

▪ É \_\_\_\_\_

### 3. Que é a neve?

A neve é un fenómeno meteorolóxico consistente na precipitación de pequenos cristais de xeo. Estes meteoros adoptan formas xeométricas con características fractais e agrúpanse en folerpas. Xa que está composta por pequenas partículas ásperas é un material granular. Normalmente ten unha estrutura aberta e suave, excepto cando é comprimida pola presión externa. A caída de precipitación en forma de neve chámase nevarada.

<http://gl.wikipedia.org/wiki/Neve>

▪ É \_\_\_\_\_

### 4. A gran nevarada da temporada

A montaña de Lugo permanece en alerta amarela por neve desde as 12.00 horas de onte, situación que se fará extensiva á provincia de Ourense e ao interior da de Pontevedra a partir de mañá.

MeteoGalicia indica que hai 16 centímetros de neve acumulada en Manzaneda. Tamén en Ourense, na zona do Barco de Valdeorras, pola súa banda, rexistráronse 4 centímetros o mércores; mentres que xa en Lugo, O Cebreiro e Os Ancares só deron conta dun centímetro de neve.

Previsión. Axencias

▪ É \_\_\_\_\_



Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Extraer información complementaria da ilustración e relacionala co texto

**Irene e a súa familia queren ir de vacacións a un lugar de montaña que sexa tranquilo, onde poidan facer excursións, onde haxa árbores e as casas sexan bonitas. Buscaron información na Internet e elixiron este anuncio. O texto non conta moito; conseguirán máis información nas fotografías?**

**1** Le o anuncio. Despois, comenta as fotografías cos teus compañeiros.



**Queres pasar unhas vacacións inesquecibles con toda a familia?**

**Agora podes!**



**2** Escribe catro cousas que se ven nas fotografías e que lle gustarán a Irene e a súa familia.

.....

.....

**3** Copia no caderno o texto do anuncio e, a partir da observación das fotografías, compléao con datos interesantes para a familia de Irene.



Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Facer predicións dunha noticia periódica a partir do título

**Pouca xente ten tempo de ler un periódico completo. A miúdo, lendo os títulos das noticias xa temos unha idea do que alí se conta.**

- 1** Le os títulos ou titulares dalgunhas informacións dos periódicos. Despois, escribe debaixo o que che parece que se conta. Fai primeiro un borrador nunha folla e pásao despois a limpo. Ao final, compara o teu texto cos dos teus compañeiros.

## A auga é o ben máis demandado do mundo

(*El País*, 19/4/2012) (Adaptación)



---

---

---

---

---

---

---

---

## Naceron dous lince en cativeidade

(Axencia EFE, 8/4/2012) (Adaptación)

---

---

---

---

---

---

---

---

## Toneladas de lixo nas praias do mundo

(*Diario do viaxeiro*, 27/4/2012) (Adaptación)

---

---

---

---

---

---

---

---

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Aprender a escribir títulos que sintetizen un tema

**1 Le os seguintes textos e escribe un título para cada un.****O título ha de constar de catro palabras, nin máis nin menos.****Primeiro escribe un borrador, mellórao, consulta cos teus compañeiros e, finalmente, escribeo na ficha.**1. \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

O poldro preguntoulle á egua:  
–Por que as bicicletas non pastan  
herba? Que foi das súas crinas?  
Quen lles cortou a cola?

A egua pensa que xa é tempo  
de mandar o seu fillo á escola.

GLORIA SÁNCHEZ

2. \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Unha illa e outra illa  
decidiron amigar  
e crearon sobre o mar  
esa pura marabilla  
dun arquipélago impar.

E no mapa dun tesouro  
con moitas pezas de ouro  
ti o poderás atopar.

RAMIRO FONTE

3. \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

O teu can debe ter o seu propio  
espazo. En primeiro lugar asígnalle  
un bo lugar e acostúmao a durmir alí.  
Pode ser dentro ou fóra da casa. Se é  
fóra, o lugar ha de estar protexido  
do frío e da chuvia.

Os accesorios para alimentalo  
deben ser de aluminio ou de plástico,  
materiais que se limpan con facilidade.

Debes bañar o teu can cada catro  
semanas, con auga morna e xabón  
neutro. Cepíllalle o pelo un par de veces  
por semana.

Afai o teu can a saír sempre  
con colar e correa. Leva sempre  
contigo unha bolsa para recoller  
excrementos.

Fauna (Adaptación)

4. \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Cando alguén se disfraza para asistir a  
unha festa ou a un desfile de carnaval, faino  
para divertirse ou para sorprendere  
os amigos. Tamén se disfrazan os animais,  
pero estes fano para se defenderen ou ben  
para capturar mellor as súas presas.  
O gran mestre da camuflaxe é o camaleón.  
Este réptil vive nas árbores e toma con tanta  
rapidez a cor daquilo que o rodea que é  
difícil saber onde está. Os pigmentos da súa  
pel modifícanse e a súa cor pode variar  
do verde ao amarelo, ao rubio ou incluso  
ao negro. Outros animais que tamén  
modifican a cor da súa pel para non ser  
recoñecidos polos seus inimigos son  
a araña cangrexo e o raposo polar.

Animais que se disfrazan. (Adaptación)

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Descubrir incoherencias nun texto

**A maquetadora do texto tiña un pouco de prisa e non tivo tempo de revisalo. Coáronse dez palabras confundidas que non debían aparecer.**


**1** Le o texto en voz alta e observa as dez palabras intrusas. Di a palabra que debería ir no seu lugar.

- Exemplo: O arroz estaba moi bo. De segundo prato déronnos un filete, pero despois daquela **sopa**, xa ningún tiña fame. (en vez de sopa, arroz)

## Os lapis de cores

Esta mañá, antes de ir á escola, o carteiro trouxo un paquete para min, un regalo da avoa. Que simpático é o noso **carpinteiro**

A papá, que estaba tomando o café con leite, non lle fixo ningunha graza o regalo da **tía** e mamá púxose a berrar toda nerviosa porque a papá non lle parecera nada ben. Papá díxolle que non quería discutir, senón que quería tomar o **té** tranquilo, porque xa traballaba coma un **elefante** todo o día. Mentres papá e mamá **conversaban**, desenvolvín o **sobre**, e foi increíble: era unha caixa enorme de lapis de cores! Estaba tan contento que me puxen a **correr**, a saltar e a bailar polo comedor coa caixa e todos os **bolígrafos** caeron.



Mamá díxome que recollese os lapis de cores porque ía chegar tarde á escola. Daquela apesureime a meter os lapis dentro da **boca** e pregunteille a mamá se me podía levar ela á escola.

Cheguei á escola xusto cando tocaba o **tambor** para entrar á clase. Estaba moi contento coa miña caixa de lapis e impaciente por llela ensinar aos compañeiros.

Na clase sempre é Geoffroy quen leva cousas que lle compra seu pai, que é moi **pobre**, e agora eu quería demostrarlle que a min tamén me facían bos regalos. Pero os compañeiros rompéronme a caixa e volvíñ á casa moi **alegre**: levaba lapis partidos e faltaban cores. Boteime a chorar e entón oín un ruído terrible: era meu pai que puxera o pé **debaixo** xusto dun lapis e caera.

SEMPÉ/GOSCINI, O Nicolasiño e os compañeiros. (Adaptación)

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Comprender textos de relación social en situacións cotiás

**Esta semana Antón envioulles varias mensaxes por teléfono aos seus amigos. Está aprendendo a aforrar letras e así sáelle máis barata cada mensaxe.**

**1** Interpreta as mensaxes. Despois, escribe o texto con todas as súas letras e poñendo os signos de puntuación que faltan.

LECTURA



Ola, Ana!  
 Non podo ir mañá.  
 Intentareino de novo.  
 Bicos.



\_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_

**2** Observa o exemplo e escribe o significado de tres abreviaturas que empregou Antón.

OL = Hola      BCS = \_\_\_\_\_      X = \_\_\_\_\_      NN = \_\_\_\_\_

**3** A primeira mensaxe pódese entender de dúas maneiras, por que?

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Localizar información concreta nos textos

**Participa nunha competición para ver quen encontra antes unha información nun texto e para aprender doutros compañeiros trucos para encontrar esa información.**

**Un compañeiro ou compañeira elixe unha pregunta e lea en voz alta. Os demais percorren rapidamente o texto para encontrar a resposta. Subliñana e levantan a man. Despois, len a resposta e explican como conseguiron atopala.**

- 1 De onde é orixinaria a hamburguesa?
- 2 Como se chamaba o bisté que se facía en Rusia?
- 3 De onde procede o nome hamburguesa?
- 4 Por que a carne se adoba con especias?
- 5 Cando comezou a comerse a hamburguesa en Inglaterra?

## A hamburguesa

Seguro que pensabas que hamburguesa é unha comida moderna. Ben, pois non é así: a orixe da hamburguesa remonta ao antigo Exipto, hai máis de catro mil anos.

Máis tarde, no século XIII, os soldados do emperador mongol Genguis Khan tamén comían filetes de carne picada e parece que desde aquí se estendeu a Rusia, onde se elabora o bisté tártaro, carne picada con moitas especias que se come crúa.

Con todo, o nome hamburguesa procede da cidade alemá de Hamburgo, onde se consumía de maneira habitual no século XIV. A hamburguesa tiña xa naquela época a forma que coñecemos: un filete de carne picada entre dúas rebandas de pan. Xeralmente, a carne non era de boa calidade, polo que adoitaba adobarse con moitas especias que a facían máis saborosa.

No século XIX, a hamburguesa comezou a comerse en Inglaterra e, desde alí, estendeuse aos Estados Unidos, onde tivo un grande éxito. Actualmente, a hamburguesa é un dos pratos máis populares de todo o mundo.



Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_


Buscar información pertinente en diversos textos

LECTURA

**1 Bótalles unha ollada ás seguintes informacións. A continuación, escoita con atención cada unha das preguntas que che van facer oralmente. Levanta a man cando saibas onde encontrar a información que se che pide (texto ou debuxo) e escribe no círculo o número da pregunta que corresponde.**

A instalación dun acuario de tartarugas

As tartarugas de auga necesitan auga e tamén un espazo adecuado. Para construír o seu espazo necesitamos un acuario de 60 litros, auga abundante e unha praia nun recanto; para iso usaremos unhas cantas pedras que sobresaian da auga. Así as tartarugas poden secarse de vez en cando. A temperatura ideal da auga é de 25 graos.



As tartarugas no inverno


A tartaruga pode hibernar no inverno, é dicir, pode pasar durmindo os meses do inverno. Pero, se se mantén a temperatura da auga en 25 graos e se se segue alimentando, a tartaruga non durmirá nos meses do inverno. Con todo, se queremos que estea 3 ou 4 semanas de repouso, cousa boa para a súa saúde, baixamos a temperatura da auga a 12 ou 15 graos.

A alimentación das tartarugas

As tartarugas comen de todo. Podemos darlles anaquiños de carne ou de peixe, pequenos insectos, follas de leituga... As tartarugas pequenas cunha ou dúas comidas ao día teñen suficiente alimentación. Ás tartarugas adultas abóndalles cunha comida ao día.

A limpeza da auga

Convén cambiar a auga do acuario cunha certa frecuencia. Cando non contamos con tempo suficiente para facelo debemos quitar da auga restos de alimentos, plantas mortas e todo tipo de sucidade.



A tartaruga de auga

(Texto oral na páxina 118)

# Trucos para entender o enunciado dun problema

FICHA 39

F

LECTURA

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Comprender instrucións escritas

**Que fas cando tes que resolver un problema? Sen dúbida, primeiro pensas no que queres saber e despois realizas algunhas operacións para conseguilo. As operacións son importantes, pero o máis importante é comprender o enunciado do problema.**

**1 Lede en voz alta cada un dos seguintes trucos e tratade de aplicalos aos problemas de matemáticas que tedes que resolver.**

## TRUCO 1

Responder esta pregunta: Trátase dun verdadeiro problema matemático?

## TRUCO 3

Coñecer con claridade que é o que se pregunta. Se a pregunta non está formulada con claridade, inventa unha pregunta máis apropiada.

## TRUCO 5

Ter unha idea aproximada da solución. Por exemplo: se se espera un aumento da cantidade inicial, se se espera unha diminución...

## TRUCO 2

Que situación se presenta? Hai que saber distinguir entre a situación, ou o que se quere saber, e os datos que temos para conseguir sabelo: Quen é ou quen son os protagonistas do problema? Por que están interesados en encontrar unha solución?

## TRUCO 4

Utilizar recursos sinxelos para estar seguros de comprender o enunciado. Por exemplo:  
a) Facerlle un resumo a outra persoa.  
b) Representar con debuxos os datos do problema.

UNHA VEZ COMPRENDIDO O ENUNCIADO  
ESTARÁS EN BOAS CONDICIÓNS DE DECIDIR  
QUE OPERACIÓNS TES QUE FACER.

**2 Pensa e escribe no teu caderno a aplicación dos 5 trucos a cada problema.**

1. Tiña 47 cromos e xoguei dúas partidas cos meus amigos. Na primeira partida gañei 13 cromos e na segunda partida perdín unha chea. Cantos cromos perdín na segunda partida se só me quedan 31 cromos? Como me sentín despois da segunda partida? Por que?
2. Propúxenme facer deporte todos os días. O luns corrín 3 quilómetros e o martes, 5 quilómetros. Como lograrei correr máis cansándome menos? Trátase dun problema matemático? Por que?
3. Na festa había máis de 80 persoas. Cada entrada custaba 3 € e recolléronse 180 €. Cantas persoas entraron sen pagar entrada? Cres que entrou moita xente sen pagar? Por que?

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Deducir a explicación dunha acción implícita no texto

**Lede con atención este cómic.**

**Comentade entre todos o seu contido.**

**Despois, contestade as preguntas.**



El País, 13/4/2008



**1 Cantos personaxes aparecen na tira? Quen é cada un?**

.....  
.....

**2 Por que cres que esa noite actuou así a nai?**

.....  
.....

**3 Como é o fillo: egoísta, desinteresado, amable ou colaborador?**

.....  
.....



Comprender palabras que poden levar a confusión

- 1** Cada palabra ten tres definicións, unha verdadeira e dúas falsas. Lea en voz alta a palabra que se quere definir seguida das tres definicións. Os alumnos deberán acertar a resposta correcta.

ACIBECHÉ	a) Xogo de azar.	b) Tipo de carbón.	c) Buraco na rúa.
BURBULLAS	a) Personaxes malvados dos contos.	b) Bolsas grandes de coiro.	c) Globiños de aire nun líquido.
INERTE	a) Nome romano de muller.	b) Que non ten vida.	c) Que ten pouca arte.
LAPARADA	a) Chamar a berros.	b) Labazada.	c) Un lume moi grande.
XILÓFONO	a) Marca de teléfono.	b) Instrumento musical.	c) Nome de home.

- 2** Lea a palabra e propoña unha definición. Os alumnos teñen que inventar dúas máis. Debe haber unha definición verdadeira e dúas falsas.

OPULENTO	a) Que traballa amodo.	b) .....	c) .....
SALTIMBANQUI	a) Personaxe de circo.	b) .....	c) .....

- 3** Continúe o xogo. Pida aos alumnos que busquen unha palabra no dicionario e que escriban tres definicións (a verdadeira e dúas falsas) para dicírllelas aos compañeiros.



CAPRICHÓ

XAVELINA

ESPIGÓN

MONICREQUE

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Comprender e seguir instrucións escritas

**Imaxina que estamos esperando o autobús, liña 146 na parada 1445, e queremos saber canto tempo tardará en chegar. Lemos as instrucións que aparecen na marquesiña da parada para realizar a consulta mediante SMS. Despois de enviar unha mensaxe recibimos esta resposta:**

*EMT informa: tempo estimado de chegada da liña 146, 15 minutos.*

**Le as instrucións expostas na marquesiña da parada e responde no caderno as preguntas.**



## Consulta de tempo de espera do autobús mediante SMS:

Envía unha mensaxe desde o teu teléfono para saber o tempo de chegada do próximo autobús da liña á parada onde estás: Escribe a mensaxe ESPERA, deixa un espazo e escribe o número da parada onde estás, e envíao ao número 7998. Recibirás nuns segundos unha mensaxe coa información precisa.



Custo das dúas mensaxes SMS 0'20 €



(Información da EMT)



- 1** Escribe ordenadamente o que hai que facer para consultar o tempo de espera.

Primeiro: ..... Segundo: ..... Terceiro: .....

- 2** Cando facemos a consulta son as 12 e cuarto. A que hora chegará o autobús?

- 3** Como sabemos o número da parada de autobús onde estamos?

- 4** Canto custarán 5 mensaxes SMS?

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Recoñecer argumentos en textos de opinión

**A Consellaría de Educación elaborou un folleto sobre as consolas de videoxogos en que se dan consellos e achegan opinións de como deben utilizarse, con argumentos a favor e argumentos en contra.**

**Le un resumo das ideas máis importantes dese folleto e despois dá a túa opinión contestando as preguntas no teu caderno**

## A paixón polos videoxogos



O *boom* das consolas de videoxogos entrou na nosa sociedade desde hai algún tempo con gran forza e nas familias preocupa o seu uso por parte dos nenos.

Os videoxogos supoñen a actividade de ocio preferida polos máis pequenos e ocupan boa parte do tempo na vida do neno. Existen opinións para todos os gustos sobre a conveniencia ou non das consolas e videoxogos.

### ALGÚNS DIN...

- Melloran a coordinación da man coa vista.
- Aumenta a rapidez de reflexos.
- Desenvolve a capacidade de superarse.
- Ensinan a pensar.
- Adoitan utilizar o ordenador.

### OUTROS DIN...

- Producen nerviosismo.
- Algúns xogos son violentos e animan a ser agresivos.
- Favorecen illarse dos demais.
- A excesiva concentración no xogo conduce a non atender temas básicos como a lectura e o estudo.
- Engancha e impide deixar de xogar.

### NÓS RECOMENDAMOS...

- Aconsellar xogos para máis dun xogador.
- Evitar xogos que inclúen violencia e destrución.
- Marcar un límite de xogo e controlar o tempo que pasan os nenos perante a pantalla.

**1 De que trata o folleto?**

**2 Copia dúas razóns a favor dos videoxogos e dúas razóns en contra.**

**3 Cres que os videoxogos favorecen illarse dos demais? Por que?**

**4 Os videoxogos poden prexudicar ou favorecer os estudos? Por que?**

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Autocontrol do hábito lector

### Le as preguntas e arrodea a resposta.

#### 1 QUE LES?

- |   |        |          |       |
|---|--------|----------|-------|
| ▪ Elixes ti as lecturas que vas ler?            | sempre | ás veces | nunca |
| ▪ Les libros de máis de 150 páxinas?            | sempre | ás veces | nunca |
| ▪ Antes de ler infórmaste de que trata o libro? | sempre | ás veces | nunca |
| ▪ Esqueces axiña o que liches?                  | sempre | ás veces | nunca |
| ▪ Acostumas ler libros do mesmo estilo?         | sempre | ás veces | nunca |

#### 2 COMO LES?

- |   |        |          |       |
|---|--------|----------|-------|
| ▪ Moves os labios mentres les?  | sempre | ás veces | nunca |
| ▪ Segues a lectura co dedo ou cun lapis?                                | sempre | ás veces | nunca |
| ▪ Les en alto pronunciando as palabras?                                 | sempre | ás veces | nunca |
| ▪ Deixas un sinal onde remata a túa lectura?                            | sempre | ás veces | nunca |
| ▪ Tardas máis de 15 días en ler un libro?                               | sempre | ás veces | nunca |
| ▪ Cando non entendes algo buscas o seu significado ou preguntas por el? | sempre | ás veces | nunca |
| ▪ Les rápido?   | sempre | ás veces | nunca |

#### 3 ONDE LES?

- |   |        |          |       |
|---|--------|----------|-------|
| ▪ Les nun sitio con luz suficiente?     | sempre | ás veces | nunca |
| ▪ Les coa radio ou co televisor acesos? | sempre | ás veces | nunca |
| ▪ Les en compañía doutras persoas?      | sempre | ás veces | nunca |

# Comunicación escrita.

## Escritura

### Competencias básicas

6. Ao acabar o proceso de aprendizaxe, o alumno é capaz de redactar, reescribir e resumir diferentes textos significativos en situacións cotiás e escolares, tanto en papel coma en soporte dixital, de forma ordenada e adecuada, utilizando a planificación e revisión dos textos, coidando as normas gramaticais e ortográficas e os aspectos formais.

### Índice

45. Animación á escritura creativa (S) . . . . .	55
46. Podo mellorar a miña caligrafía (F) . . . . .	56
47. Debuxo maiúsculas para os títulos (F) . . . . .	57
48. Melloro a presentación dun texto (F) . . . . .	58
49. Corrijo o texto dos meus compañeiros (F) . . . . .	59
50. Mellor preparar ca corrixir (M) . . . . .	60
51. Escribir pés de foto (F) . . . . .	61
52. Mira que palabras máis curiosas! (F) . . . . .	62
53. Temos carta! (F) . . . . .	63
54. Como era o protagonista da película? (F) . . . . .	64
55. O día máis feliz da miña vida (F) . . . . .	65
56. Unha carta para o xornal (M) . . . . .	66
57. Poñemos as notas en orde (F) . . . . .	67
58. Trucos para corrixir un texto (F) . . . . .	68
59. Escribimos entre tres un conto moi breve (F) . . . . .	69
60. Instrucións con graza (F) . . . . .	70
61. Unha lección de ciencias (F) . . . . .	71
62. Supertest de escritura (F) . . . . .	72



## Fomentar o gusto pola escritura

### Converter a escritura nunha aventura gratificante

Escribir é unha cuestión persoal onde un se implica totalmente. A escribir apréndese escribindo e tendo algo que dicir. Polo tanto, escribir implica unha habilidade que se vai perfeccionando pouco e pouco.

Débase conseguir que os alumnos superen a pasividade, o medo ou a vergoña de expresar as súas ideas ou vivencias por escrito e que gocen logrando unha boa comunicación. Cómpre transmitir-lles o gusto pola comunicación escrita.



### O escritor e o destinatario

A escritura é basicamente un acto de comunicación aínda que nalgunha ocasión exista un escritor e non un lector. Escríbese para comunicarlle algo a alguén, e pónense en xogo recursos sobre como interesar, como sorprender, como facer o outro partícipe dos nosos pensamentos. Por iso, é de grande importancia empregar en cada caso o recurso expresivo adecuado e buscar o formato que mellor poida valorar o lector. Como profesores debemos procurar darlles notoriedade aos escritos dos nosos alumnos para que o seu esforzo quede recompensado e saboreen as consecuencias dun obxectivo alcanzado.

### A edición dun texto e os indicadores de calidade

A forma do escrito é unha parte fundamental da correcta comunicación e unha fonte de satisfacción ou insatisfacción. Por consideración aos lectores son esixibles a exactitude, a corrección e ata a estética.

Para autocorrixir ou corrixir externamente un escrito, cómpre ter en conta moitos aspectos. Por exemplo, os seguintes:

#### A presentación

- Domina o trazo das letras, a letra resulta lexible.
- Presenta o escrito de forma limpa e ordenada.
- Respecta marxes e espazos en branco e centra os títulos.
- Utiliza adecuadamente a tipografía (títulos, subtítulos, palabras destacadas...).

#### A corrección ortográfica

- Non comete faltas de ortografía.
- Puntúa correctamente.

#### A corrección gramatical

- Escribe oracións con sentido.
- Agrupa as oracións en parágrafos.

#### As propiedades textuais

- **Adecuación:** o texto responde á intención comunicativa, usa o rexistro adecuado.
- **Coherencia:** información adecuada en cantidade e en pertinencia.
- **Cohesión:** as ideas están ligadas.
- **Riqueza textual:** contén ideas persoais e orixinais.
- **Riqueza e variedade semántica.**

#### Outras cuestións

- Planifica.
- Xera ideas.
- Fai un borrador.
- Selecciona a información.
- Revisa e corrixo.



Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Mellorar a caligrafía

**1** Copia este texto no cadro.**Nunca chove a gusto de todos.****2** Busca o texto que máis se parece á túa forma de escribir e le as observacións.

Nunca chove a gusto de todos

Tes que separar as palabras e alongar os paus das consoantes.

Nunca chove a gusto de todos

Letra moi pequena e na esquina da páxina. Lese mal.

Nunca chove a gusto de todos

Tendes a subir. Utiliza unha pauta para corrixir a túa liña.

Nunca chove a gusto de todos

Letras desproporcionadas. Non fai falta chamar a atención.

Nunca chove a gusto de todos.

Letras soltas. É claro e elegante, pero é escritura máis lenta.

Nunca chove a gusto de todos.

Vas cara abaixo. A páxina quedará fea. Utiliza un patrón.







Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Mellorar a caligrafía

Os títulos dos contos e dos traballos adóitalos escribir con maiúsculas e gústache debuxar un tipo de maiúscula que mellor lle acae ao texto.

1 Observa estas letras maiúsculas.



2 Di a que clase de texto lle viría ben cada tipo de letra: un poema, un conto de medo, un traballo de ciencias, unha noticia, un aviso...

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Mellorar a presentación dos textos escritos

**Laura quere presentar unha redacción para un concurso.**

**Desexa que o texto lle quede limpo, claro e vistoso.**

**Antes lográbao utilizando papel de caderno cuadriculado ou de raias.**

**Agora quéreo escribir en papel branco porque queda mellor.**



Estas son as preguntas que se fai Laura, seguidas dalgunhas respostas:



**1.º Como lograrei que non me torzan as liñas?**

Pódense trazar no papel liñas paralelas a lapis para despois borrar. Pero é mellor colocar baixo a folla branca un patrón coas liñas paralelas xa debuxadas con tinta. Pero hai que ter coidado de que non se mova o patrón.




**2.ª Que marxes debo deixar?**

Deixar moi pouca marxe é desagradable e deixar demasiada non favorece moito a boa imaxe. Unha boa medida é deixar 3 cm por cada lado e na parte inferior. Para conseguir esa marxe, pódese trazar a lapis unha liña vertical moi fina que despois se borrará. Na parte superior pódese deixar un pouco máis de espazo.



**3.ª Como divido o texto?**

Mellora moito a presentación dividir o texto en parágrafos de 5 ou 6 liñas cada un. Ao comezar o parágrafo faise unha sangría, é dicir, déixase un pequeno espazo en branco antes de escribir. En todos os parágrafos se deixa a mesma sangría.



**4.ª Que clase de letra utilizo?**

A letra habitual. Pero nesta situación coidando especialmente o trazo de cada letra para que o texto sexa lexible, a unión das letras nunha palabra e a separación entre palabras.

**1 Copia este texto tendo en conta as propostas anteriores.**

## Nasredín e o asno

En certa ocasión, un veciño pediulle a Nasredín que lle prestase o seu asno.

–Neste momento está no prado –contestou Nasredín.

Pero mentres pronunciaba estas palabras, oíuse o asno ornear na corte.

O veciño entón dixo:

–O asno está na corte e, para non prestarmo, querías facerme crer que estaba no prado. Mentíchesme e estou moi decepcionado.

E Nasredín, indignado, respondeulle:

–Son eu quen está decepcionado, pois fuches capaz de crer ao asno e non me criches a min.



Conto popular turco. (Adaptación)

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Escribir con corrección ortográfica

**Case sempre catro ollos ven máis ca un. Por iso cando imos publicar un texto, ademais de corrixilo nós, é oportuno que o revisen outras persoas. É moi importante que non se coe ningún erro.**

- 1 Estuda este cómic debuxado e escrito por outros nenos e corrixe os erros (os de puntuación, os ortográficos...).



## Estratexias para preparar unha composición escrita

### A expresión escrita

Sen dúbida, os profesores empregamos máis tempo en corruxir os traballos dos nosos alumnos ca en axudalos a que os preparen. Os resultados non adoitan ser bos e sobre todo, en xeral, carecerán dunha sistematización do traballo, que se vai organizando levado polas incidencias de cada momento. As cousas cambiarían se empregásemos a técnica contraria: dedicar máis tempo a preparar as redaccións. Aparentemente é un proceso máis lento, pero moito máis eficaz.



### Catro receitas para preparar unha redacción

Presentamos algúns aspectos necesarios que é preciso ter en conta na preparación. Explique aos alumnos cada paso e pídalles que nunha folla en branco debuxen catro columnas (unha por cada paso) que teñen que cubrir antes de escribir un texto.

#### 1. Que quero contar, que teño que contar, que podo contar?

Pensar o tema é o punto de partida dun texto. Unhas veces trátase dun impulso interior do alumno que o leva a un escrito non dirixido. Outras é un escrito dirixido mediante un tema ou unhas normas dados polos profesores. E, por último, pode tratarse dun escrito para o cal os alumnos teñan que buscar datos, ben sexa a través da propia observación ou ben pola consulta dalgunha clase de documentos. O importante é que, en calquera dos casos, o motivo inicial se transforme nun desexo ou nunha necesidade de escribir e para iso teñen que utilizarse estímulos positivos e modelos próximos que faciliten a tarefa.

#### 2. A quen llo vou contar e para que?

É preciso ter moi claro o destinatario do escrito. Un exercicio tan simple daralle vida ao acto de comunicación e permitirá seleccionar automaticamente o rexistro que se ha de utilizar. Non é o mesmo escribir para os compañeiros, para o profesor, para un familiar ou para un concurso. A mesma importancia ten reflexionar sobre o obxectivo da comunicación: comunicar algo, entreter, chamar a atención ou simplemente gozar escribindo.

#### 3. Como o contarei?


Tamén é útil prever os aspectos técnicos: que escrito vou facer: un conto, unha descrición, un poema...? En calquera caso, é interesante buscar algún modelo como marco para que o alumno poida desenvolver a súa creación.

Cando se elixise o tipo de texto, convén facer unha chuvia de ideas: primeiro, enumerarán substantivos, nomes comúns e propios que utilizarán; despois, adxectivos referidos a eses substantivos e, finalmente, enumerarán verbos como expresión das accións. Máis tarde, poden nomear os pronomes, adverbios, etc.

A continuación, farase un borrador formando e relacionando oracións cos termos previstos.

#### 4. Onde e cando o vou escribir?

Para acabar, cómpre facer previsión sobre onde se vai escribir o texto en limpo, a extensión que terá, se lle imos poñer ilustracións e canto tempo vai levar redactalo.




Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Saber redactar comentarios breves de fotos que ilustran unha noticia

**1** Le estes textos e escribe cada un debaixo da fotografía do álbum persoal que lle corresponde.

- Mira como suxeito a columna. Va que son un forzado?
- Encantoume o obradoiro de cerámica. Como nos puxemos de barro!
- Entrevista a un poeta. Superaburrido, non dixo nin pío.
- Papá fai de cabra: pasámolo xenial!



.....  
.....

.....  
.....



.....  
.....

.....  
.....

**2** Nunha folla ou nunha cartolina pega tres ou catro fotografías túas. Escribe para cada unha un pé de foto. Procura que o texto sexa gracioso e exprese as túas impresións. Despois, cos teus compañeiros, expón as fotos na clase.

ESCRITURA

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Recoñecer e escribir palíndromos

**Se nos fixamos con atención nas palabras, poderemos descubrir moitas cousas curiosas. Trátase de descubrimentos que só poden facer as persoas ás que lles gusta a lingua que falan. Por exemplo, hai palabras capicúas, palabras que repiten varias veces unha vogal, palabras que conteñen as cinco vogais...**

**Demuestra a túa habilidade e sorprenderás os teus compañeiros.**

**As palabras que vas estudar son capicúas porque se len igual de dereita a esquerda ca de esquerda a dereita, por exemplo, AMA.**

**A estas palabras chámaselles palíndromos.**

- 1** Completa as letras que faltan en cada unha destas palabras e constrúe palíndromos. Non debes ter en conta os acentos.

A □ AN □ S □ RE □ R □ IA □

□ SE AB □ S □ M □ S □ AL □ S

NAD □ □ □ SA □ EREEA

- 2** Descubre algunha palabra que sexa un palíndromo. Fixate nos debuxos.



- 3** Tamén hai frases palíndromos. Le as seguintes oracións de dereita a esquerda e copia só as que son palíndromos. Separa ben as letras.

Aroma a amora

Amada dama

O bo ovo

O galo nada no lago

Salta as latas

Eva ase esa ave

Luz azul

Son os ananos

O lobo ama o bolo

.....  
 .....

- 4** Fai un esforzo e inventa unha frase que sexa un palíndromo.

.....

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Escribir textos de relación social. Correspondencia escolar

**1** Na nosa clase recibíuse esta carta.

Formade pequenos grupos e lédea con atención.

Despois, cada grupo escribirá a carta de resposta.

Leranse todas e enviarase ao remitente a mellor.

En cada grupo elixírase un secretario para redactar a carta.

Outros comprarán o sobre e o selo e botarán a carta na caixa do correo.

Carballo, 15 marzo 2012

Queridos amigos:

Ola, chámome Martiño, teño 8 anos e gustaríame coñecer-vos. O meu colexio é o colexio A Cristina. Estou en 3º B cun profesor que se chama Xosé. Facemos grupos con bandeiras e cartéis. Hai un grupo que se chama 'Os estudantes' e outro 'Tolos polos deberas'.

Na clase somos 27.


Tamén fixemos un sistema solar

pequeno onde hai naves e marcianos. Ademais fixemos uns murais moi graiosos con fotos de cando eramos pequenos.

Que fas ti no cole?

Espero a túa resposta.

*Martiño*



Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Mellorar a descrición dunha persoa

### 1 Le estas observacións e despois escribe o texto que se che pide.


Cantas veces tiveches a necesidade de describir a outra persoa? Por exemplo, para responder estas preguntas e moitas outras máis.



Seguro que non quedan contentos con calquera resposta. Queren detalles. Practica estes pequenos trucos para mellorar as túas descricións de persoas. Non che fallarán.

- 1.º Si.** Comeza dando unha **resposta xeral** que manifieste a túa opinión: é unha persoa estupenda, é unha persoa que non me cae ben, é a persoa máis alta que coñezo, é unha persoa fenomenal explicando...
- 2.º Non.** Non te entretañas contado aspectos que se aplican a moitas persoas: ten a cara redonda, corre bastante, ten pelo tirando a castaño... Non atenderán.
- 3.º Si.** Nomea todo o que a **distingue** doutras persoas: ten a pel clara e chea de pencas, abre moito os ollos cando fala...
- 4.º Si.** Emprega **comparacións** e algunha **esaxeración**: é con diferenza a máis alta do curso, ten un nariz longo e aguzado coma o peteiro dun peto...

### 2 Observa ben a foto deste personaxe coñecido e co que saibas del escribe unha breve descrición. Utiliza os catro trucos.



---

---

---

---

---

---

---

---

---

---



Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Escribir un texto autobiográfico

- 1** Escribir sobre un mesmo ás veces custa, pero tamén ilusiona. Pensa no título e escribe cumprindo as condicións. Pensa que se trata dun pequeno parágrafo que podes incluír nunha carta a un grande amigo ou a unha grande amiga. Ao final leranse tres comentarios elixidos por sorteo.

## INDICACIÓNS:

- O que se conta é verdade aínda que se omitan algúns detalles indiscretos.
- Dás algunha información sobre o tempo e o lugar onde sucederon os feitos.
- Expresas o que sentías cando sucedeu todo aquilo.
- Podes ilustrar o texto con algún debuxo.
- Elixes un tema: O DÍA MÁIS FELIZ DA MIÑA VIDA, ASÍ APRENDÍN A NADAR...

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

ESCRITURA

## Redactar textos argumentativos

Anime os alumnos para que envíen unha carta ao xornal para informar ás autoridades municipais sobre un servizo que non funciona ben e solicitar unha solución para o problema que atoparon.

A forma de traballo será en gran grupo, pero asignaráselle a un grupo máis pequeno cada unha das tarefas.

O traballo, aínda que breve, vai ter diferentes fases. Non todas poderán facerse na mesma xornada. Co fin de facilitar os traballos de busca, pode adiantarlles algunhas informacións precisas ou o lugar onde encontralas.

Seguiranse estes pasos.

**1.º Destinatario da carta.** Os grupos realizarán unha pequena lista de medios de comunicación e debaterán a cal deles se lle vai enviar a carta. A continuación, algún membro do grupo buscará o enderezo e o nome do director e comunicarllelo a todos.

XORNAL	DIRECTOR	ENDEREZO

**2.º Características do texto.** Levarase un xornal á clase e leranse as condicións que adoitan acompañar as cartas ao director (extensión, datos persoais, etc.)



**3.º Tema do texto.** Por grupos, os alumnos farán unha lista de servizos públicos que non funcionan todo o ben que deberían. Discutirán a súa importancia e, ao final, elixirán un deles.


Suxestións:

- O *paso de peóns* para cruzar desde a miña casa ao parque non é respectado por ninguén.
- A *biblioteca municipal* non contén algúns libros que no colexio nos piden que leamos.
- No *servizo médico* ás veces hai que esperar moito tempo para que nos atendan.

**4.º A redacción do texto.** O escrito que se elabore terá diversos apartados.

- Identificación dos redactores da carta: *somos un grupo de nenos...*
- *Dirixímonos a...*
- *Contámoslle a situación e as razóns da nosa queixa.*
- *Solicitamos que se mellore o servizo público.*

Por exemplo, léalles aos alumnos esta carta real ou outra semellante:



Non me estraña nada que a xente opte pola sanidade privada á hora de ter unha urxencia, e non porque unha sexa mellor ca outra; máis ben porque a Sanidade Pública, o SERGAS, é inexistente. Un exemplo: meu pai hai tres meses esvarou por unhas escaleiras preto da estación de autobuses e mancouse no ombro, e non podía levantalo. Ao día seguinte foi ao seu médico de cabeceira e, entre as voltas e as listas de espera, ten cita para o fisioterapeuta para setembro do ano que vén! Increíble! E nós pagando todos os meses coma parvos.

M. CALVO, Compostela  
(*La Voz de Galicia*. Adaptación)

**5.º O envío.** Os alumnos prepararán o texto para enviálo: pasarano a limpo, introducirano nun sobre, etc.


Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Redactar notas e listas

**Durante a semana todos os membros da familia foron poñendo no encerado da cociña todo o que hai que facer o sábado.**

**1** En grupos de dous, lede as notas e formade con elas tres ou catro grupos segundo vos pareza: por orde alfabética, por materias, por materias e en cada materia por orde alfabética, polo prezo das cousas, por orde de importancia...  
Escribide cada grupo nunha lista e colocade sobre a lista unha etiqueta que anuncie o contido.



▪ **Facédeo así:**

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_







Escribir con corrección ortográfica e gramatical

**Cando escribimos un texto, este ten que ser un traballo ben feito. Por iso, todos os que se dedican a escribir corrixen varias veces o seu escrito ata que o consideran perfecto. Corrixir un texto consiste en decatarse dos erros e, despois, escribir correctamente.**

ESCRITURA

**1 Observa este texto e as marcas que se utilizaron para tratar de corrixilo.**

O meu compa Paulo é un (vo) rapaz é T alegre e non sabe estar triste e tamén (di) todos os días T (porque) vos fixades (so) nas cousas malas? (Tamen) é un tío xenial e (gustalle) axudarlle L á xente e pásao fatal cando vía L sufrir os (demáis) T

	faltas ortográficas		palabras repetidas
	retrosos e palabras defectuosas		signos de puntuación
	non respectar a marxe		falta de concordancia

**Así queda o texto unha vez corrixido:**

O meu compañeiro Paulo é un bo rapaz. É alegre e non sabe estar triste. Sempre nos di: por que vos fixades só nas cousas malas? Tamén é unha gran persoa: gústalle axudarlle á xente. Pásao fatal cando ve sufrir os demais.



**2 Le estoutro texto e observa os sinais de corrección. Despois escribe o texto corrixido nunha folla en branco e pásallo ao teu compañeiro.**

Era un que (camiñava) pola selva cunha cabina (telefonica) e outro levaba un pelouro moi pesado T e este dille ao outro T (porque) levás unha (cavina) T e contéstalle T porque se vén un (leon) métome dentro e non me collerá L. E preguntalle ao outro e ti (porque) levás unha pedra tan pesada T porque se vén un león e a tiro e corro máis rápido.

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Colaborar na redacción dun texto narrativo

**1 Formade grupos de tres e preparádevos para escribir un conto entre vós. Seguid estas instrucións:**

- 1.ª Poñédevos de acordo sobre o tema de que vai tratar o conto e os seus personaxes principais. Pode tratar sobre un conto coñecido.
- 2.ª Repartide a parte do conto que vai escribir cada un:
  - o primeiro escribirá o comezo onde se presentan os personaxes e a situación.
  - o segundo escribirá sobre a aventura dos protagonistas.
  - o terceiro escribirá o final.
- 3.ª Pensade durante uns minutos e... a escribir!
- 4.ª Despois de corrixir o conto, lédeo en voz alta. O mellor conto será premiado.

TÍTULO: .....

COMEZO: .....

.....

.....

.....

.....

.....

AVENTURA: .....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Escribir instrucións

- 1 Formade grupos de dous ou tres. Lede con atención o texto escrito por uns alumnos de 9 anos e escribide o voso texto de instrucións. Tedes que botarlle un pouco de humor.

## INSTRUCCIÓNS PARA MAQUILLAR UN GATO QUE VAI DE FESTA

- Necesítase:**
- ✓ Un gato moi tranquilo.
  - ✓ Salsas variadas. ketchup, mostaza, maionesa, tinta de lura.
  - ✓ Pinceis de varios tamaños.
  - ✓ Unha esponxa para quitar a pintura.


**Faise así:** **Primeiro.** Díselle ao gato que o imos poñer moi guapo e, mentres ri, suxeitámolo forte.

**Segundo.** Pónselle unha bata para que non ensucie o corpo.

**Terceiro.** Nun papel debúxase un deseño de como queremos que quede a cara (de cor vermella, con lentes, con grandes bigotes negros...).

**Cuarto.** Cun pincel e moita delicadeza pintamos a cara segundo o deseño. (Cómpre ir con coidado para que o gato no lamba as pinturas).

**Quinto.** Facémoslle unhas cantas fotos ao gato. Despois, quitámoslle as cores cunha esponxa húmida.



- 2 Elixide un tema e escribide o voso texto de instrucións.

CÓMPRE: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

FAISE ASÍ: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Redactar un texto expositivo

- 1** Le con atención este texto de ciencias escrito por un neno da túa idade e despois escribe un breve texto destinado a nenos e nenas máis novos ca ti. Elixe como tema o que esteas estudando estes días en Coñecemento do medio. Pode ser algo interesante que liches no libro de texto ou que vos contaron os mestres.

Lelle o teu borrador ao teu compañeiro e pídelle que che axude a corrixilo para pasalo a limpo.

Exemplo:

Ola, amigos!

Hoxe estudamos o sistema solar en Coñecemento do medio. O sistema solar comparado co universo é anano. O universo ten moitas galaxias, por exemplo... a Vía Láctea. Todas as galaxias teñen algo en común: que todas son agrupacións de estrelas cos seus planetas e satélites.

No sistema solar hai: unha estrela, que é o Sol; oito planetas, un dos cales é a Terra; e satélites, como por exemplo a Lúa, que é o satélite da Terra.

- 2** Pensa un tema e escribe o texto.

TEMA: .....

PARA QUEN ESCRIBES O TEXTO? .....

TEXTO:.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Test de competencia na comunicación escrita

**Le con atención e marca a resposta correcta.****1 Que é escribir unha biografía? É escribir sobre...** animais e plantas. a vida dunha persoa. a boa letra.**2 Que é escribir unha narración? É escribir...** unha historia, real ou inventada. unha protesta por algo. unha noticia política.**3 Para que se escribe un texto en parágrafos? Escríbese con parágrafos para que...** faga máis bonito. separar as ideas principais. para escribir menos.**4 Que é o remitente dunha carta? O remitente dunha carta é...** o que leva a carta. o que recibe a carta. o que escribe a carta.**5 Que se intenta facer cun texto expositivo? Inténtase...** facer propaganda de algo. explicar unha idea a outros. contar unha historia.**6 Que partes se poden distinguir nun conto? Un conto consta de...** principio e final. presentación, nó e desenlace. título e aventuras.**7 Como se chama a arte de escribir con boa letra? Chámase...** ortografía. precisión. caligrafía.**8 Que é unha mensaxe SMS?** Unha mensaxe enviada por teléfono móbil. Unha mensaxe perfecta. Unha mensaxe á familia.



# Estudo da lingua.

## Gramática e vocabulario

### Competencias básicas

7. Ao acabar o proceso de aprendizaxe é capaz de identificar algúns cambios que se producen nas palabras, nos enunciados e nos textos ao realizar segmentacións, cambios de orde, supresións e insercións que fan mellorar a comprensión e a expresión oral e escrita.
8. Ao final do proceso de aprendizaxe é capaz de comprender e utilizar a terminoloxía gramatical e lingüística elemental, nas actividades relacionadas coa produción e coa comprensión de textos.

### Índice

63. Unha clase de gramática amena e eficaz (S) . . . . .	75
64. Encrucillado de substantivos (F) . . . . .	76
65. Encrucillado silábico (F) . . . . .	77
66. Combinamos letras, facemos palabras! (F) . . . . .	78
67. A botella (F) . . . . .	79
68. Palabras máxicas (F) . . . . .	80
69. Coidado cos verbos! (F) . . . . .	81
70. Obradoiro de gramática (F) . . . . .	82
71. Pasatempo temático (F) . . . . .	83
72. Comparacións e metáforas (M) . . . . .	84
73. Sopa de antónimos (F) . . . . .	85
74. Fabricamos palabras (M) . . . . .	86
75. O círculo dos verbos (B) . . . . .	87
76. Dominó de sinónimos (F) . . . . .	88
77. O escáner gramatical (F) . . . . .	89
78. Supertest de gramática e vocabulario (F) . . . . .	90



## Presentación das clases de gramática

### O estudo da gramática na clase de Lingua do segundo ciclo

Desde sempre o estudo da gramática –reflexión sobre a lingua– tivo unha posición destacada na programación da clase de lingua. Cando se presenta a materia con obxectivos máis teóricos e conceptuais, a gramática sitúase no centro da aprendizaxe e, cando se presenta a materia con obxectivos de orde máis comunicativa e pragmática, a gramática é estudada como unha ferramenta útil para mellorar a comprensión e a expresión.

Pero, independentemente de como se presente o estudo da gramática, esta disciplina ten unhas propiedades que debemos ter en conta no momento de deseñar unha aula gramatical eficaz. Unha delas deriva do seu carácter científico, que implica un certo nivel de xeneralización e de abstracción. Os alumnos do segundo ciclo no seu nivel de desenvolvemento van abrindo pouco a pouco a súa intelixencia a estas operacións simbólicas. Xa podemos ir traballando nocións gramaticais pero aínda deben estar conectadas coa intuición, coa experiencia e cos textos concretos, por exemplo na estrutura da linguaxe verbal en sílabas, palabras, oracións...; o recoñecemento de substantivos, adxectivos e verbos nun texto atractivo; e outros contidos.

### O gozo do descubrimento

Neste ciclo, á curiosidade como impulso para alcanzar o coñecemento, únese o gozo do descubrimento de novas realidades e novas relacións lóxicas entre elas. Isto permítenos introducir na clase unha importante dimensión emocional. Calcule os minutos dedicados cada semana á gramática como sesións de descubrimento, onde hai un texto, unha incógnita e unha resolución. A gratificación do logro concrétase na folla do caderno onde cada alumno rexistra os seus des-

cubrimentos: o diferente valor das palabras, o poder adquirido de transformar mensaxes con só modificar algún trazo gramatical (o xénero, o número, a persoa, o tempo, etc.).



### Os xogos gramaticais

Por ser a gramática unha reflexión sobre a lingua búscase nela o sistema, a lóxica, a coherencia. Todo iso pode ser obxecto de competición e de xogo. Non en van, xogos sinxelos de construción de palabras e oracións, como por exemplo, o *Scrabble*, as sopas de letras, encrucillados, o *Scatergories*..., son tan atractivos para nenos de oito anos coma para adultos. Utilice con xenerosidade estes e outros xogos lingüísticos para favorecer a competencia lingüística dos seus alumnos. E como recursos de organización utilicemos a competición, o traballo en grupo, a invención e outros métodos de aprendizaxe. Poucos alumnos se resistirán a iso.

### O nivel de coñecementos

O auténtico nivel neste ciclo ten máis que ver coa comprensión dos conceptos e coa adecuada utilización dos termos gramaticais para mellorar a comunicación ca cun exercicio mecánico e memorístico. Non obstante, é preciso que os alumnos se familiaricen coa terminoloxía gramatical que necesitarán en estudos posteriores.


Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Identificar substantivos e adxectivos

**1** Elixo as palabras que son substantivos femininos en plural e completa con elas o encrucillado.

CANTAS	GUITARRAS	ALTAS	MESAS	PASEAS	MADURAS
MOCIÑA	CADRADAS	ESCADAS	AUGAS	LIMPAS	
UVAS	TIXOLAS	RASPARÁS	SONORAS	MONTAÑAS	
ALONGADOS	LENTAMENTE	REDONDAS	CURTAS	FRESCOS	



**2** Volve ao banco de palabras, e elixe 7 adxectivos cualificativos que correspondan aos substantivos do encrucillado.

Guitarras sonoras, \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Dominar a división dunha palabra en sílabas


- 1** Completa o encrucillado escribindo unha sílaba en cada casa. Cando descubras unha palabra completa, risca as súas sílabas na lista de abaixo. Ten en conta que algunha serve para varias palabras.

**HORIZONTALAIS**

1. Edificio en que viven os presos.
2. Anaco de tea, papel ou plástico que se pon sobre a mesa cando se come.
3. Persoa que fai ou vende pan.

**VERTICAIS**

4. Froito semellante á laranxa, pero máis pequeno.
5. Folla grande de papel que se colga para anunciar algo.
6. Utensilio para medir lonxitudes e facer rectas.
7. Persoa que nin coida da súa limpeza nin da limpeza das súas cousas.



- DO    DEI    PA    CE    CAR    RI    TEL    XA
- NA    GRA    RE    DA    MAN    RO

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Construír substantivos cunha condición dada

**As letras na lingua son coma as cifras nas matemáticas. Combinando unhas poucas cifras pódense construír infinitos números diferentes e aquí, combinando unhas poucas letras, pódense producir infinitas palabras.**

**Enriquece o teu vocabulario facendo combinacións para facer palabras novas.**

**1** Substitúe a letra marcada por outra. O que antes remate levanta a man.

SAL <input type="checkbox"/>	_____ SOL _____	PASO <input type="checkbox"/>	_____
LAPA <input type="checkbox"/>	_____	CAIXA <input type="checkbox"/>	_____
SOPA <input type="checkbox"/>	_____	LADO <input type="checkbox"/>	_____
MANDO <input type="checkbox"/>	_____	SOLA <input type="checkbox"/>	_____
COUSA <input type="checkbox"/>	_____	SACO <input type="checkbox"/>	_____
LÚA <input type="checkbox"/>	_____	RIMA <input type="checkbox"/>	_____
CORVO <input type="checkbox"/>	_____	VEA <input type="checkbox"/>	_____
PONTE <input type="checkbox"/>	_____	CADRO <input type="checkbox"/>	_____
SALA <input type="checkbox"/>	_____	RAMA <input type="checkbox"/>	_____
MACETA <input type="checkbox"/>	_____	PRATA <input type="checkbox"/>	_____
BARRO <input type="checkbox"/>	_____	PORTA <input type="checkbox"/>	_____
PARRA <input type="checkbox"/>	_____	SESTA <input type="checkbox"/>	_____

**2** Máis difícil aínda! Agora debes cambiar a letra que ti elixas e escribir dúas palabras novas en cada caso. Non esquezas que só debes escribir substantivos!

PITO → PATO → GATO	META → _____ → _____
TILA → _____ → _____	MONO → _____ → _____
FOTO → _____ → _____	CASA → _____ → _____

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Facer un uso creativo dos adxectivos

**1** Observa o debuxo e coloréao como queiras.

- Verde
- Grande
- Alongada
- Barata
- Útil
- Máxica
- Baleira
- Marabillosa
- Cerrada
- Única
- Transparente
- Azul
- Laranxa
- Máis... ca
- Menos... ca



GRAMÁTICA

**2** Emprega os adxectivos do cadro anterior e escribe oracións axeitadas para cada situación.

- Para describir con detalle a botella.

.....  
.....

- Para comparar a botella con outras botellas.

.....  
.....

- Para describir a botella nun conto.

.....  
.....

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Concordancia de enlaces nun texto (preposicións)

**Hai palabras que parece que non significan nada pero, se se quitan dunha mensaxe, fan que esta non se poida entender. Por exemplo, le esta mensaxe de mamá á que se lle quitaron esas palabras:**

Luís, o vaso leite azucre colocado a mesa é Ana.

**Que quere dicir? Poñemos as palabras máxicas e lemos isto:**

Luís, o vaso de leite sen azucre colocado sobre a mesa é para Ana.

**1 Le este conto e escribe en cada oco a preposición que corresponda. Ten en conta que debes facer as contraccións.**

## A praga de ratas

Ningúen sabía como chegaran as ratas \_\_\_\_\_ a aldea. Empezaron a aparecer \_\_\_\_\_ repente \_\_\_\_\_ as rúas e coábanse \_\_\_\_\_ todos os sitios. Cada vez chegaban máis. Empezou \_\_\_\_\_ correr a voz \_\_\_\_\_ que se trataba dunha maldición: as ratas rebeláranse \_\_\_\_\_ os humanos!


Os aldeáns consultaron a un sabio ancián, que vivía retirado \_\_\_\_\_ libros, \_\_\_\_\_ pedirlle axuda. El díxolles:

–Cortade un tronco longo e grosso e, \_\_\_\_\_ coidado, tendédeo coma unha ponte \_\_\_\_\_ o río. Despois, esmigallade todos os queixos que haxa \_\_\_\_\_ a aldea e facede un camiño de migas que vaia \_\_\_\_\_ a aldea \_\_\_\_\_ o outro lado do río.

Os aldeáns traballaron \_\_\_\_\_ descanso e pronto tiveron preparado todo como indicara o ancián.

Pouco despois, miles \_\_\_\_\_ ratas desfilaban \_\_\_\_\_ o río, \_\_\_\_\_ os asombrados ollos dos aldeáns.

Ao chegaren á improvisada ponte, as ratas atravesaron o río \_\_\_\_\_ darse de conta do engano. Daquela, os aldeáns retiraron o tronco. Así, a aldea viuse libre \_\_\_\_\_ ratas \_\_\_\_\_ moito tempo.



Conto popular

**2 Escribe mensaxes breves. Despois suprímelles as preposicións e pásalle a mensaxe a un compañeiro. Ten que adiviñar o que querías dicir nela.**



Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Conxugar correctamente os tempos verbais

- 1** Roi recibiu un conto escrito pola súa amiga inglesa Lisa que está aprendendo galego. Como non está segura de como escribir os verbos, púxoos todos en infinitivo. Ims corríxir o texto entre todos: un lerá unha oración do conto destacando os erres dos infinitivos (**chegarrrrr**). O compañeiro repetirá a oración conxugándoo ben (**chegou**). Tede en conta que algúns infinitivos deben quedar como infinitivos e outras palabras rematadas en r non son infinitivos (**dor**).

## O prezo dos ovos fritos

Hai moito tempo un viaxeiro **chegar** a unha pousada e **pedir** comida ao pousadeiro. Este **preparar** dous ovos fritos que o home **comer** nun abrir e pechar de ollos. Despois de **comer**, o viaxeiro **esquecer** pagar. Daquela o pousadeiro **berrar** con furor:

–Tunante, xa **vir** outro día.

Un ano máis tarde, o viaxeiro **volver** á mesma pousada e **pedir** de novo comida ao pousadeiro. Cando **querer** pagar **dicir**:

–Amigo, **cobrar** estes dous ovos fritos e os dous que **comer** hai un ano. Canto **ser** en total?

O pousadeiro **responder**:

–Se non **comer** estes ovos **poder** converterse en galiñas e esas galiñas **poder** poñer moitos máis ovos. Así que, facendo contas, **ter** que cobrar mil pesetas.

O viaxeiro non **querer** pagar esa cantidade e o pousadeiro **decidir** denunciar o viaxeiro ante o xuíz.

Ao **saír** da pousada o viaxeiro **encontrarse** cun campesiño.

–Que **suced**er, bo home? –**preguntar** o campesiño ao velo preocupado.

O camiñante **contar** con todo detalle o que lle **ocorrer** na pousada.

–Non te **preocupar**, eu **defenderte** no xuízo –**responder** o campesiño–. Cando **ser**?

Ao día seguinte, **presentarse** ante o xuíz o pousadeiro e o viaxeiro, pero o campesiño non **chegar**. Por fin, preto do mediodía, **aparecer**.

–Bos días a todos! –**saudar** o campesiño ao **chegar**.

–Que horas **ser** estas de **vir** ao xuízo? –**contestar** o xuíz con fervor.

–A súa señoría me **perdoar**, pero **estar** cocendo unha caldeira de garavanzos que **querer** sementar esta tarde.

–Nunca **oír** nada igual! Que garavanzos, despois de cocidos, **poder** sementarse? –**responder** o xuíz.

–Iso mesmo **dicir** eu! –**dicir** o campesiño–, que ovos despois de fritos **criar** polos ou galiñas!

E así **ser** como, grazas ao enxeño do campesiño, o viaxeiro **quedar** libre da vinganza e **pagar** o xusto.



CONTO POPULAR


Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Transformar oracións mediante o cambio de trazos gramaticais

**Nunha oración todas as palabras están unidas, como as pezas dunha cadea, para contar algo. Un pequeno cambio nunha palabra pode desencadear toda unha transformación.**

**1** Le este aviso e observa todo o que cambiou ao substituír **o** por **os**.



- Que palabras cambiaron nos textos?
- Cantos trofeos se van dar en cada caso?

**2** Le os textos a e b. Realiza o cambio que se pide na actividade. Despois, copia os textos con todos os cambios que te vexas obrigado a facer.

**a. Así é Lúa**



Lúa era unha mociña encantadora, de abundante cabeleira negra e ollos riseiros. Era traballadora, divertida e bastante impaciente co irmán, que pasaba o día espiándoa para copiar ata o máis mínimo detalle dos seus gustos e manías. Cando estaba contenta, todos rían arredor dela; a súa alegría manifestábase de forma escandalosa e contaxiosa. Pero chegou un tempo en que Lúa non ría moito, semellaba máis triste e distraída ca de costume.

MARÍA DOLORES PELLICER, *Cita co medo*.

- Rocío prefire que o protagonista se chame Paulo e cambia Lúa por Paulo.

Que ten que cambiar máis? Copia o texto con todos os cambios: Paulo era un mozo...

**b. O convite**

Un día, o raposo invitou a cegoña a comer na súa casa. Non pensou no longo bico da súa amiga e serviu os deliciosos manxares nun prato. O raposo comeu opiparamente, pero a cegoña só puido petear a comida.

Á semana seguinte, a cegoña devolveulle a invitación. Pero cando o raposo chegou á casa da amiga disposto a comer, encontrou os manxares servidos dentro dunha botella. A cegoña meteu o bico dentro do colo da botella e comeuno todo pero o raposo só puido lamber o bordo.



JEAN LAFONTAINE, *O raposo e a cegoña*.

- Unha cegoña e un raposo, un banquete con só dous comensais. E se organizamos o banquete cunha familia de raposos e unha familia de cegoñas? Copia o texto cos cambios que cumpra: Un día, os raposos convidaron...



## Mellorar a expresión

### Fluidez verbal e fluidez de pensamento

As metáforas e as metonimias son un recurso complementario da categoría gramatical adxectiva, na medida que permiten describir de maneira expresiva. As actividades que se propoñen nesta ficha teñen que facerse oralmente, xa que teñen como obxectivo o desenvolvemento da fluidez verbal e de pensamento. Para darlle un ton máis lúdico, presénteo coma un concurso con estes pasos:

1.º Selecciona o contido da actividade e a súa duración (non superará os 20 minutos). Expoña aos alumnos o contido da actividade: se se fala de comparacións ou de metáforas.



2.º En cada un dos casos explicarase algún exemplo dos que aquí propoñemos para aclarar o concepto.

3.º Formaranse grupos ou equipos para elaborar as respostas. Discutirase cada unha delas, farase unha posta en común e elixiranse as mellores.

4.º Os alumnos copiarán nos seus cadernos a proposta e a solución elixida.

### COMPARACIÓNS

Presente o primeiro termo da comparación e a forma. Eles buscarán con rapidez o segundo termo.

A sandía é vermella **coma...** o sangue, coma unha papoula...

O mel é doce **coma...**

O Sol é redondo **coma...**

A Lúa é ... **coma...** etc.

### Outras formas

As lebres son **tan** veloces **coma...**

Un barco é **máis** grande **ca...**

### Preguntas

Como é unha Lúa?

Como é unha torre?

Como é unha estrada?

Como é un libro?



### METÁFORAS

Para traballar as metáforas, partiremos das comparacións. Insistimos en que nas metáforas hai unha identificación entre os dous termos e, polo tanto, non se usa a conxunción *coma*.

Exemplo: **Os faros son os ollos dos coches.** Ponse en xogo unha comparación: os faros dos coches son coma os ollos das persoas; e, despois, unha metáfora: os faros son os ollos dos coches. Os dous elementos presentan unha forma semellante e a utilidade nos dous casos é a mesma: permiten ver.

### Outros exemplos

A neve é o chapeu das montañas.

O T é o martelo do abecedario.

### Preguntas

Que é a cama?

Que é o O?

Que é o arco da vella?

Que é o sorriso?

Que son as nubes?



Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

## Ampliar o vocabulario

ALTO  
\_\_\_\_\_

ESCURO  
\_\_\_\_\_

BONDADE  
\_\_\_\_\_

DÉBIL  
\_\_\_\_\_

ENFERMIDADE  
\_\_\_\_\_

VELLEZ  
\_\_\_\_\_

ALEGRÍA  
\_\_\_\_\_

BELEZA  
\_\_\_\_\_

**1** Localiza na sopa de letras as oito palabras que aparecen á esquerda e os seus antónimos. Escribe primeiro os antónimos e, despois, marca na sopa as dezaseis palabras.



**2** Escribe a mensaxe que se forma coas letras que non marcaches.

.....  
 .....

## Utilizar prefixos para formar palabras novas

1. Lea en voz alta este texto de Gianni Rodari e fágalles ver aos alumnos como se poden inventar palabras novas engadindo un prefixo a unha palabra coñecida. Despois, explique o novo significado.

Eu teño unha bisavoa  
que inventa palabras novas...  
Inventou, por exemplo,  
un precioso «despincel»,  
que permite desfacer  
un cadro se non é moi bo.

GIANNI RODARI, *Obradoiro literario:*  
O prefixo fantástico (Adaptación)



des + pincel = despincel  
des + facer = desfacer

2. Organice un concurso que consista en formar o maior número de palabras, cuns prefixos dados aínda que sexan desatinadas ou en clave de humor. Despois, deberán saber explicar o novo significado.

3. Escriba no encerado unha lista con prefixos e outra con palabras.

### PREFIXOS

maxi-	in-
micro-	super-
mega-	vice-
anti-	des-
mini-	bi-
semi-	contra-
sub-	tri-

### PALABRAS

ANTIGO	GRACIOSO
LAPIS	CHALÉ
ABRIGO	FRAUTA
CANSA	ESCURO
OUTRAS	


4. Antes de iniciar a competición, faga uns exercicios de ensaio. Intente que fagan un debuxo que represente a palabra inventada. Exemplo:

TRICICLETA = coma unha bicicleta pero con tres rodas.



Ampliar o vocabulario de verbos

Debuxe no encerado un gran círculo de letras coma este.



Escolla tres alumnos para que compitan entre eles a ver quen coñece máis verbos.

A partir dun sinal, o primeiro comeza a dicir durante un minuto o maior número de verbos en infinitivo seguindo a orde alfabética. Se queda en branco, di «*paso*» e continúa o segundo concursante. Tamén se lle dá un minuto de tempo e

continúa onde interrompeu o seu compañeiro. Se este segundo concursante queda en branco, dáse-lle ao terceiro concursante o seguinte minuto.

O resto de compañeiros copiarán unha lista dos verbos que se nomean e entregaranlla ao gañador.

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Recoñecer palabras sinónimas

**Recorta estas fichas de dominó ou cópias en cartolinas de maior tamaño. Despois, xoga ao dominó de sinónimos con dous compañeiros máis. Xógase así:**

- 1 Revólvense as fichas e cada xogador colle sete.
- 2 O xogador que ten a ficha na que pon SAÍDA pona sobre a mesa.
- 3 O segundo xogador, se ten unha ficha cun sinónimo da palabra que aparece na ficha de SAÍDA, pona a continuación e pronuncia dúas frases; unha con cada sinónimo. No caso de non ter a ficha que corresponde ou de non recoñecer o sinónimo, pasa a vez ao seguinte xogador.
- 4 O terceiro xogador procede da mesma maneira.
- 5 Gaña a partida o xogador que queda primeiro sen fichas.



SAÍDA ● LEVAR	FALAR ● MÁGOA	FERMOSURA ● GRACIOSO
RESPONDER ● PERO	DESPISTADO ● BELEZA	TRAMPA ● LISTO
PELEXA ● LATRI-QUEIRO	DIVERTIDO ● ENGANO	PEGADO ● DISTRAÍDO
REXOU-BEIRO ● DICIR	CONTENTO ● CONTESTAR	MIRAR ● ALEGRE
PREGUI-CEIRO ● DESEXAR	BOTE ● FIN	MAIS ● UNIDO
PENA ● OÍR	TRANSPOR-TAR ● VAGO	ASTUTO ● ENFADADO
QUERER ● OBSERVAR	ESCOITAR ● BARCA	ANOXADO ● DISPUTA




Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Trucos para recoñecer clases de palabras

**Xa sabes que unha oración está formada por palabras. Cada palabra é dunha clase distinta e únense todas para contar algo. Utiliza esta máquina para recoñecer as palabras que son substantivos.**

Exemplo: palabra **país**.



GRAMÁTICA

**1** Le este texto, subliña os substantivos, cópíalos e analizaos coma no exemplo.

### Dentro do armario

Os catro irmáns, Peter, Susan, Edmund e Lucy, foron levados a unha casa enorme e escangallada da cidade, ao coidado dun vello profesor. Un día os nenos descubriron un cuarto baleiro, no que só había un armario. A pequena Lucy abriuno e meteuse entre os abrigos que colgaban no seu interior.

Buscou o fondo do armario, pero cada vez había máis abrigos. Seguiu avanzando e, de repente, deuse de conta de que o que rozaba a súa cara xa non era a suavidade da la, senón algo máis áspero e frío: eran follas de árbores nevadas!

Así foi como Lucy se coou inesperadamente no país de Narnia. O primeiro habitante que encontrou alí era un mozo fauno, que vivía nunha comfortable cova chea de libros. El contoulle o gran problema de Narnia: «Aquí sempre é inverno e nunca Nadal».

CLIVE S. LEWIS, *As crónicas de Narnia*. (Adaptación)

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Test de competencia en gramática e vocabulario

**Marca en cada cuestión a resposta que consideras acertada.****1 Cando dicimos que un artigo ten que concordar co substantivo ao que acompaña, de que falamos?** De ortografía. De gramática. De vocabulario.**2 Na miña redacción substituí a palabra **home** pola palabra **marido**. Que tipo de palabra utilicei?** Un sinónimo. Un epónimo. Un pseudónimo.**3 Para dicir como é o meu gato, que clase de palabras utilizo?** Adxectivos. Pronomes. Artigos. Substantivos.**4 Dise que **sílaba** é...** cada golpe de voz ao pronunciar unha palabra. o que un pensa.**5 Cantas letras conforman o alfabeto galego?** 180 23 72 17**6 En que sistema de numeración se utilizan letras en vez de cifras?** Numeración exipcia. Numeración romana. Numeración decimal.**7 Cal das palabras destacadas é un verbo?** Volve calzar. Ten o poder. Adeus, señor. Un gran amor.**8 «Dixo que marchara», a que tempo se está a referir?** A un tempo pasado. A un tempo futuro. A un feito que non ocorreu.**9 Cal destas palabras é composta?** Veterinario. Pantalón. Cafeteira. Paracaídas.**10 Unha esdrúxula é...** unha máquina vella. unha palabra con acento na antepenúltima sílaba.

# Estudo da lingua.

## Ortografía

### Competencias básicas

9. Ao acabar o proceso de aprendizaxe é capaz de escribir diferentes tipos de textos coidando as normas ortográficas e os aspectos formais, tanto en soporte papel coma dixital.

### Índice

79. Unha ortografía máis fácil (S) . . . . .	93
80. A miña lista de palabras perigosas (M) . . . . .	94
81. Trucos para «fotografar» a imaxe das palabras (M) . . . . .	95
82. Catro maneiras de facer ditados útiles (S). . . . .	96
83. O mellor método de ortografía: a lectura (M) . . . . .	97
84. O sobre das palabras (M). . . . .	98
85. Ortografía para o Coñecemento do medio (B) . . . . .	99
86. Xogos ortográficos (M) . . . . .	100
87. Vocabulario persoal (F) . . . . .	101
88. Ortografía creativa (F) . . . . .	102
89. Cazaría de palabras (B) . . . . .	103
90. A carreira ortográfica (F) . . . . .	104
91. O meu perfil ortográfico (F) . . . . .	105
92. Fortalecemento da memoria visual (F). . . . .	106
93. As oito normas ortográficas básicas máis seguras (S) . . . . .	107
94. Sabía que...? Curiosidades ortográficas (S) . . . . .	108
95. Superproba de ortografía (F). . . . .	109



## Estratexias para non cometer erros ortográficos


### Onde está o segredo da boa ortografía?

Todos os docentes estamos de acordo na importancia de escribir con corrección ortográfica en todas as ocasións e tamén en que todos, grandes e pequenos, deben dominar a ortografía conforme ás formas sociais establecidas.

Ás veces, con todo, temos a impresión de que ese dominio é un obxectivo case imposible de alcanzar. Cremos na ensinanza e na aprendizaxe pero observamos que os métodos, as regras e as orientacións son ineficaces para moitas persoas. A inquietude do profesorado ponse de manifesto na inmensidade de métodos, recursos propios, e no emprego de tempo que poñen en xogo ano tras ano.

### A busca do método eficaz

Convencidos de que non é só cuestión de regras e repeticións, moitos profesores ensaian continuamente métodos engadidos á aprendizaxe da normativa. Consúltanse libros de didáctica, preguntáselles a outros profesores, rexéitanse estratexias e póñense en xogo outras novas. Case todos terminan acudindo a métodos interactivos onde a imaxe ocupa un lugar decisivo. Os máis estendidos están relacionados coa percepción visual das palabras e co seu significado. Algúns métodos baséanse en ideogramas e en asociacións arbitrarias entre palabra e imaxe. Son métodos complexos e de efectividade tamén dubidosa.



### A achega da PNL á ortografía

O método PNL (Programación Neurolingüística) baséase na percepción auditiva e visual como punto de partida para a aprendizaxe da ortografía. Fundaméntase na disección do proceso mental que realizan as persoas que teñen boa ortografía e, a partir de aí, idéanse estratexias para chegar con facilidade a un bo dominio da ortografía.



O deseño estratéxico ten en conta estes principios:

1. Deséxase mellorar na ortografía.
2. Ao escoitar ou pensar unha palabra con dificultade ortográfica, búscase a imaxe mental desa palabra. Despois, cando se ten unha certa seguridade, escríbese.
3. É preciso formar imaxes fortes na nosa mente de forma que se manteñan firmes co paso do tempo. Para logralo recórrese a diversos trucos.
4. A imaxe ten que achegar a seguridade necesaria para non cometer erros.

### Outras estratexias para o éxito ortográfico

- A lectura sistemática, que contribúe á ampliación do léxico ortográfico.
- A escritura en contextos significativos.
- A adecuación do léxico ortográfico á idade do alumno.
- O coñecemento das normas ortográficas máis produtivas.

## Estratexias para dominar a ortografía

### O vocabulario cacográfico

Chamamos *vocabulario cacográfico básico* aquel que contén as palabras de uso frecuente en que se cometen máis erros ortográficos.

Podemos considerar dúas dimensións no vocabulario cacográfico: a das palabras en que a media das persoas adoita errar e a das palabras en que un individuo concreto adoita errar.

Respecto ás primeiras, diversas estatísticas dan estes resultados: 5 palabras son as causantes do 10% dos erros ortográficos; 15 palabras son as causantes do 30% dos erros ortográficos e 65 palabras están relacionadas co 65% dos erros ortográficos.

Polo tanto, dominando a escritura desas palabras, poderíanse reducir os erros un 10%, un 30% ou un 65% respectivamente.

Fixémonos nestas palabras para traballar cos nosos alumnos.

móbil	ditado	xulgado
marabilla	produto	voo
réptil	avó/avoa	vivir
ata	xente	en fronte
ola	guerra	ben
aresta	Nadal	animais
subtraendo	había	néboa
gravación	aí	vanguardia
substantivo	cranio	sarabia
adxectivo	crer	saúde
obxectivo	liña	orballo
introdución	ler	bicicleta
dicionario	óso	vello/vella
buscaba	feliz/felices	viaxar


Cada semana pódenselles proporcionar aos alumnos 10 palabras da lista anterior nun cartel grande fronte á clase, se é posible do lado esquerdo.

Repasaremos de vez en cando as palabras como fan coa táboa de multiplicar. Haberá alumnos e alumnas que, unha vez vistas as palabras, non esquecerán a súa ortografía xamais, outros terán que repasalas varias veces ata chegar a dominar a súa escritura.

Pode ser útil dispoñer dun cadro de dobre entrada onde figuren, por unha parte, os nomes do noso alumnado e, pola outra, as distintas listas semanais de palabras que fomos proponendo a partir do vocabulario anterior. Isto axudaranos a controlar a aprendizaxe destas palabras en concreto.

### REXISTRO COLECTIVO

Nome	10 primeiras palabras	10 segundas palabras	10 terceiras palabras	Etc.
Roi P.	si	si	si	
Iria S.	si	si	non	
Alicia N	si	non		



## Estratexias para dominar a ortografía

Suxerimos uns exercicios moi sinxelos que poden axudar o alumnado a integrar técnicas para incorporar a canle visual na escritura das palabras. Estas técnicas están deseñadas para alumnos e alumnas con especiais dificultades en ortografía, pero son útiles para todos.

Propoñémoslle o traballo con varias palabras, pero pode repetir os exercicios con outras palabras ata que a técnica estea interiorizada.

1.º Escriba estas dúas palabras no encerado.

1 HORTA  
2 MARABILLA

2.º Aplique a técnica de memorización con termos con pouca dificultade.

Pídalles aos alumnos que miren a primeira palabra ata que teñan a súa imaxe na cabeza. Mirándoa na súa mente, escríbena co dedo na palma da man.

Cando acaben de facelo e estean seguros de sabela escribir, dite as dúas palabras e comprobe que as escribiron correctamente.

3.º Escriba outras dúas palabras.


1 MÓBIL  
2 ADXECTIVO

4.º Aplique a técnica.

Pídalles aos alumnos que as miren ata teren unha «foto mental» delas. Cando teñan a ortografía clara, que se imaxinen nun concurso ortográfico da televisión onde deben escribilas no aire mentres as soletrean. Cando as acaban de escribir, usando o dedo coma se fose un xiz e o aire coma se fose un encerado, poderán imaxinar que escoitan os fortes aplausos do público do programa.

Cando o fagan e estean seguros de sabelas escribir, dite as dúas palabras e comprobe que as escribiron correctamente.

5.º Escriba outras dúas palabras.



### Truco

Pídalles aos alumnos que fagan unha «foto mental» de cada palabra. Pídalles que soletreen a palabra empezando polo final (exemplo no caso de **saúde**: e, de, u con acento...) e que logo a soletreen desde o principio (no caso de **saúde**: ese, a, u con acento...). Finalmente pídalles que as escriban co nariz no aire.



Cando rematen de facer isto e estean seguros de sabela escribir, dite as dúas palabras e comprobe que as escribiron correctamente.

Podemos usar estes trucos en calquera contexto, cando se queira gravar a imaxe dunha palabra: para preparar un ditado, para memorizar a forma dunha palabra difícil mentres se está realizando a lectura, para estudar as palabras do sobre individual (proposta 84), etc.

## Estratexias para dominar a ortografía

### Estratexias para realizar ditados

O ditado é un método convencional de traballar a ortografía. Existen moitas maneiras para conseguir sacar deles o máximo proveito. Aquí presentamos 4 sinxelas fórmulas para conseguir que sexan un pouco máis útiles como motores de aprendizaxe ortográfica.

#### 1. Ditado preparado, inmediato

Entregue algún texto coma este:

##### Enchoupados!

Os nenos camiñaban polo campo cando o ceo empezou a escurecer. De repente pareceu que se fixera de noite. Unha inmensa nube negra cubría o ceo. Empezou a cheirar a mollado e enseguida se oíu un forte trono.

Os nenos apuraron o paso. Ao lonxe, xa se vía o tellado do refuxio.



Despois, siga estes pasos:

1.º Pídalles que lean o texto e localicen as palabras que lles poderían supoñer unha dúbida ortográfica.

2.º Faga que cada un expoña as palabras difíciles que localizou explicando que é o que o fai dubidar.

3.º Pídalles a todos que «fotografen» mentalmente as palabras seleccionadas e garden a imaxe deses termos coas letras correctas.

4.º A continuación, pida que, sen mirar as palabras ou ben cerrando os ollos, escriban cada unha das palabras seleccionadas no aire coma se o seu dedo fose un xiz.

5.º Se é preciso, pida que soletreen os vocábulos empezando polo final, e despois, polo principio.

6.º Por último, faga propostas para asegurarse de que todos focalizaron a súa atención nas palabras conflitivas, como por exemplo: «Que levanten a man os que crean que a palabra *camiñaban* se escribe con *b* ou os que crean que a segunda letra de *empezou* é un *m*». Aos alumnos que se equivoquen pídalles que volvan mirar a palabra e que garden a súa imaxe na mente.

7.º Terminada a preparación, dite o texto e, a continuación, corríxao.

#### 2. Ditado preparado, retardado

A preparación é a mesma ca no caso anterior. En cambio, deixamos o ditado para uns minutos máis tarde ou ben para o día seguinte, segundo sexa a súa dificultade.

#### 3. Ditado por parellas

Neste caso agrupamos os alumnos por parellas. Un ditaralle ao outro un texto que estará nun lugar afastado do pupitre. Quen dita deberá levantarse, ler a primeira parte do texto e ditarlla ao seu compañeiro asegurándose de que a escribe ben. Deberá indicarlle calquera erro que cometa. Esta estratexia obriga a quen dita a seguir vendo na súa cabeza as palabras que dita e, polo tanto, axúdao a integrar a estratexia visual no seu proceso escritor. Terminado este exercicio, cámbianse os papeis na parella.



#### 4. Ditado de palabras

Nesta estratexia dítase o texto coma nos casos anteriores pero só se pide que escriban as palabras soltas que lles resulten difíciles.



## Estratexias para dominar a ortografía

A lectura sempre incrementa o vocabulario do lector, pero se este utiliza, ademais, estratexias para incorporar este vocabulario ortograficamente, calquera lectura se converte para el nun enriquecemento ortográfico continuado.

Para conseguilo aconsellámoslles aos alumnos que, cando realicen unha lectura, calquera que sexa, se deteñan uns instantes ante calquera palabra que os sorprenda pola súa ortografía e que a traballen cunha das técnicas que explicamos.

O máis importante non son as palabras concretas; ao contrario, o importante é realizar as técnicas de memorización para facer incorporacións a nivel inconsciente, de tal xeito que os alumnos sexan capaces de incorporar automaticamente todo o que len.

Fotocopie, ampliada, a seguinte lectura seguida das actividades que realizará o alumno. Despois, ditalalles o texto, que van escribir nunha folla á parte.


Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

### As avestruces

Moitas veces crese que as avestruces son covardes e esconden a cabeza na area ante calquera perigo. A verdade é que non son covardes, senón que se mostran agresivas e violentas se se senten atacadas. O motivo polo que esconden a cabeza no chan é moi simple. Cando intúen unha situación perigosa, introducen a cabeza na area porque así poden oír mellor sons afastados que as avisan da proximidade de adversarios perigosos.

- 1 Localiza palabras con dificultades ortográficas.
- 2 Observa a palabra con atención e intenta vela na túa mente.
- 3 Soletrea a palabra comezando polo final, e despois, polo principio.
- 4 Escribe no aire a palabra usando o dedo coma se fose un xiz.
- 5 Finalmente, escribe o ditado nunha folla á parte.



## Estratexias para dominar a ortografía

### O vocabulario básico persoal

Para que cada alumno incorpore palabras con dificultade ortográfica ao seu vocabulario básico, é imprescindible saber as palabras concretas en que debemos focalizar a súa atención. Para reducir considerablemente a porcentaxe de erros ortográficos dos alumnos, cómpre comezar polas palabras máis usuais. Así, a diminución de erros motivaraos e animaraos a continuar investindo enerxías na ortografía.

Isto pode alcanzarse a partir de técnicas moi simples: o sobre das palabras e a caixa colectiva das palabras.

### O sobre das palabras

Indique aos alumnos que preparen tarxetas para as palabras. Para facelo, tomarán unha cartolina e cortarán tiras de 3 cm de largo. Despois, a partir de aí recortarán nas tiras tarxetas de 6 cm de longo.

Déalles despois estas instrucións:

1.º Despois dun ditado, dun exercicio de Coñecemento do medio ou de Matemáticas, ou dunha redacción, se cometiches algunha falta de ortografía, escribe nunha tarxeta cada palabra que fallases.

2.º Garda as tarxetas nun sobre, que chamarás «O meu sobre das palabras».

3.º De vez en cando saca algunha palabra do sobre e fai exercicios de memorización (observa os trazos da palabra, cerra os ollos e reproduce a imaxe na túa mente, soletréaa empezando polo final e despois polo principio, e escribea). Se ao escribir a palabra volviches cometer un erro, introduce de novo a palabra no sobre. Se non cometiches ningún erro, saca a tarxeta do sobre para introducila na caixa das palabras.


Unha ou dúas veces por semana, pedirémoslle ao noso alumnado que, por parellas, intercambien os sobres das palabras. Un alumno preguntarlle ou ditalle ao seu compañeiro as palabras do seu sobre e separará as que escribise correctamente sen ningunha dúbida, xuntándoas cun clip para que non se mesturen coas que aínda non coñece.



### A caixa colectiva

Cando unha palabra se soubo en dúas ocasións distintas e consecutivas sen erro ningún, introdúcese nunha caixa disposta para tal finalidade na clase. Así, co tempo, teremos unha caixa co vocabulario básico do noso grupo de alumnos.

Esta información é moi valiosa posto que, cando as novas palabras sexan integradas, proporcionarán unha mellora ortográfica maior ao noso grupo de alumnos. Este conxunto de palabras será o **vocabulario básico real dos alumnos**.



## Modelos de ditado

Dite estes textos cando lle pareza oportuno. Os alumnos deberán seguir o método proposto nas fichas anteriores.

### 1. Clases de animais

Os animais vertebrados poden ser ovíparos ou vivíparos. A clase dos ovíparos comprende os animais que nacen dun ovo e a clase dos vivíparos comprende os animais que nacen do ventre de súa nai.

### 2. Non todos escriben coa dereita

Case todos na clase son máis hábiles coa man dereita: son destros. Pero hai un compañeiro que ten moita habilidade coa man esquerda: é zurdo. Probaches a escribir coa esquerda?

### 3. Partes do corpo

Os seres humanos temos un esófago, un estómago, un cerebro e un nariz. Pero temos dous ollos, dúas orellas e moitos ósos. Que pasaría se tivéssemos dous narices ou dous estómagos?



### 4. Os talos

O talo é a parte da planta que sae por riba da terra e da que xorden as pólas. Segundo a dureza, os talos poden ser de dous tipos: leñosos, propios das árbores como os piñeiros, e herbáceos, como os dos xeranios.

### 5. A hortensia

A hortensia é un arbusto que dá fermosas flores. Como é un arbusto, non ten tronco e as súas ramas xorden desde o chan. As follas da hortensia son de cor verde intensa e nacen directamente das pólas.

### 6. As flores

Os pétalos son as partes coloridas das flores. O conxunto de pétalos chámase *corola*. O número de pétalos depende do tipo de flor: catro, cinco, corenta...



### 7. O ambiente

Chamamos *ambiente* a todo aquilo que nos envolve e condiciona a nosa maneira de vivir. Nos últimos anos, un dos problemas ambientais que máis preocupan é o furado na capa de ozono, que se produce pola combinación de diferentes gases co osíxeno.

### 8. A auga

A auga é un ben necesario e escaso. Por iso é importante que coidemos a calidade e a cantidade deste recurso. Cómpre evitar tirar líquidos tóxicos polos desaugadoiros, xa que contaminan as augas residuais urbanas.

### 9. A historia

Os historiadores dividiron a historia en eras e en idades para poder estudala mellor. Así, na Idade Antiga incluíron o estudo da época dos gregos e dos romanos e doutros pobos da Antigüidade.

### 10. Os grandes inventos

Hai máis de 200 anos, a humanidade experimentou grandes cambios debido aos inventos e descubrimentos que daquela se produciron. Por exemplo, a lámpada eléctrica, a vacina, o dirixible e os barcos de vapor.

## Estratexias para dominar a ortografía

### Concurso por equipos

Nun momento de distensión na clase, realice este concurso, que non debería de durar máis de quince ou vinte minutos.

Organice a clase por equipos de 4 ou 6 compoñentes. Entregue a todos os equipos o mesmo texto e permítalles que estuden e memoricen a ortografía durante cinco minutos.

Debuxe no encerado un cadro con tantos espazos coma equipos vaian intervir.

Chame ao encerado a un membro de cada equipo simultaneamente e dite unha das palabras do texto que ten dificultade ortográfica. Repita a mesma operación cos outros membros dos equipos que van saíndo un a un, deica que termine o xogo. Contabilízanse os acertos de cada equipo e dáse por gañador o equipo que maior número de acertos logrou.



### Concurso individual



Entregue un mesmo texto a todo o alumnado. Tamén pode distribuír unha lista de palabras do vocabulario básico que queremos que aprendan. Déixelles a todos os alumnos un tempo determinado, duns oito minutos, para memorizar as palabras que non coñecen.

Distribuímos o total de alumnos en dúas metade. Os alumnos da primeira metade estarán sentados e preguntánlles como se escriben as palabras do texto aos alumnos da segunda metade. Estes, que están de pé, responderán soletreando as palabras. Cando soletreen correctamente dúas palabras sen cometer erros ortográficos, séntanse. Perden os tres últimos do grupo que non chegaron a sentarse.

Despois distribúese outro texto e cámbianse os papeis dos participantes.

A utilidade adicional deste xogo é que os alumnos que teñen maiores dificultades ortográficas permanecen máis tempo no xogo ca os demais.





Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Debuxar as letras con problemas ortográficos

**Algunhas persoas, para recordar con que letra se escribe unha palabra de difícil ortografía, utilizan debuxos relacionados co significado desa palabra.**

**Por exemplo, queren recordar que a palabra NAVALLA se escribe con V. Para logralo utilizan o debuxo dunha navalla aberta que ten a forma de V. Ou queren recordar como se escribe CIROLA e debuxan o C rodeando a cirola. Non o esquecen nunca.**



**1** Fixate nestas palabras de ortografía difícil e debuxa a letra máis marcada.

HOTEL

HISTORIA

BALÓN

BEBIDA

GRAVAR

HORA

## Estratexias para dominar a ortografía

### O cárcere das palabras

Se na clase existe suficiente entusiasmo para traballar a ortografía e lograr un bo nivel, pode propoñer un recurso coñecido coma este.

Axude os alumnos a construír un cartel central que van colocar nun lugar moi visible da clase. Nese cartel figurará a gran tamaño unha letra ou un aspecto da ortografía que queremos reforzar: o *v*; o *b*; o *h*; o *mp/mb*; o *gu/g*, etc. Arredor da letra reservarase un espazo para ir colocando as palabras cazadas.



Invite os alumnos a *cazar* en calquera momento e fóra do tempo da clase de lingua (mentres len, na rúa, na televisión...) palabras que leven a letra escollida.

Despois escribiranas no cartel cunha pequena ilustración se son capaces de facela.




Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Mellorar a ortografía mediante un xogo

**1** Debuxade esta pista de carreiras. Despois, escribide tarxetas coas preguntas que se indican e outras que inventedes.



Para este xogo cómpren, ademais, un dado e dúas fichas. Xógase entre dous alumnos ou entre dous equipos (así poden axudarse).  
Cada xogador elixe unha pista e os dous tiran o dado. O que saca o número máis alto empeza e seguen xogando por quendas, avanzando tantas casas como puntos obteñen ao tirar. Cando a ficha cae nun número que teña unha frecha cara adiante, avanzan unha casa. Se cae nunha cunha frecha cara atrás, retroceden unha casa. Se cae nun número marcado, deberán buscar ese número na lista de preguntas e responder. Se o xogador contesta ben a pregunta, avanza tres casas, e se a contesta mal, perde a vez.

## PREGUNTAS PARA O CARRIL A

1. Explica por que cantaba se escribe con b.
2. Por que carro se escribe con rr?  
Que pasa se o escribimos cun só r?
3. Por que cable se escribe con b?
4. Que letra falta en tapi...?  
E en tapi...es? Por que é así?
5. Que diferenza de significado hai entre vaca e baca? Etc.

## PREGUNTAS PARA O CARRIL B

1. Por que sobre se escribe con b?
2. Que diferenza de significado hai entre rosa e roxa?
3. Soletrea a palabra guerra e explica por que se escribe así.
4. Por que luces se escribe con c e non con z?
5. Como se escribe subterráneo?  
Por que? Etc.





Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Estratexias para dominar a ortografía

**1** Observa con detemento os elementos de cada grupo e a orde en que se presentan. Despois, responde as preguntas que che van facer.

1. M X T R

---

2. 7 3 1 9

---



5. CABALO VISITA AMBIENTE

---

1. \_\_\_\_\_

2. \_\_\_\_\_

3. \_\_\_\_\_

4. \_\_\_\_\_

5. \_\_\_\_\_

(Preguntas orais na páxina 120)

## Coñecer as normas ortográficas

### Que normas ortográficas debemos ensinar no segundo ciclo de primaria?

Aínda que con moito esforzo podemos ensinar aos alumnos o número de regras que nos propoñamos, é conveniente que empecemos por introducir a normativa básica.

Para que as normas poidan ser incorporadas polo noso alumnado é imprescindible que este teña unha mínima capacidade de pensamento abstracto. Este é un dos motivos polos que resulta pouco adecuado iniciar o estudo das regras antes do terceiro curso de primaria: a capacidade de retención e de xeneralización da normativa abstracta aínda é incipiente no primeiro ciclo.

Non obstante, a miúdo temos verdadeiras dúbidas sobre que normas incluír e como explicalas. Iso é así porque existen numerosas normas ortográficas censadas, aínda que poucas son as realmente rendibles pola súa seguridade e o elevado número de palabras e excepcións que abarcan.

Así pois, no segundo Ciclo deberíamos incluír a normativa que consideremos clara e que inclúa o máximo número de palabras.



### Cales son as oito normas básicas e máis seguras?

Aquí imos propoñer oito normas claras e seguras e sen excepcións que existen en galego. Debemos engadir que ademais se debe introducir a acentuación das palabras agudas, graves e esdrúxulas. Aínda que deberíamos deixar para máis adiante a acentuación das palabras de acentuación diacrítica e das palabras homófonas. Estas

últimas normas esixen un nivel de abstracción moi superior ao desenvolvido pola maioría do alumnado do segundo ciclo.

As oito normas están redactadas nunha linguaxe moi sinxela para que o alumnado do segundo ciclo poida comprendelas sen dificultade. Reproduza as normas e entréguelles aos alumnos para que as teñan presentes cando teñan que corrixir un escrito.



#### NORMAS BÁSICAS DE ORTOGRAFÍA

1. Escríbese **b**, se segue outra consoante. Exemplos: **branco, obvio, bravo, obstruír, brazo...**
2. Escríbese **b**, nas formas verbais rematadas en **-aba, -abas, -abades, -abamos, -aban**. Exemplo: **cantaban, bailaba...**
3. Antes de **p** escríbese **m**, nunca **n**. Exemplos: **campo, cámping, cumprir...**
4. Antes de **b** escríbese **m**, nunca **n**. Exemplos: **rombo, cambio, ambos...**
5. Só se escribe **rr** se vai entre vogais e se soa forte. Exemplos: **carro, arranque...**
6. Escríbese **z** diante de **a, o, u** e ao final da palabra. Escríbese **c** diante de **e, i**. Exemplos: **forza, cazo, luz.**
7. As entoacións interrogativa e exclamativa márcanse ao final do enunciado mediante os signos **?** e **!**, respectivamente.
8. A grafía **h** non se pronuncia. Escríbense con **h** todas as formas do verbo **haber**. Exemplos: **hai, había...**



Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Proba de competencia ortográfica

**Resolve estas cuestións.**

**1** Escribe as seguintes palabras do vocabulario básico.



.....

.....

.....

.....

**2** Colorea en cada caso a letra ou letras ou o signo ortográfico que falta.

a. a\_rigo → [v] [h] [b]

b. \_acacións → [v] [b] [h]

c. ve\_es → [c] [s] [z]

d. se\_pre → [m] [h] [n]

e. arri\_a → [b] [v] [h]

f. lu\_ei\_o → [r] [rr] [c]

g. a\_í → [h] [qu] [c]

h. \_ab\_a → [í] [h] [i]

i. \_á\_il → [b] [h] [v]

l. \_ear → [s] [x] [h]

m. in\_erno → [b] [h] [v]

n. \_ente → [z] [s] [x]

**3** Copia a oración colocando o signo ortográfico que corresponde.



a. Que ben que xa chegaches

.....

b. Respóndeme Estás seguro diso

.....

c. Que día é hoxe Onte foi martes

.....

# Competencias transversais

## Índice

96.	Un traballo co ordenador (F) . . . . .	111
97.	O día do libro e as competencias lingüísticas (S). . . . .	112
98.	A hora do patio, observatorio da lingua (S) . . . . .	113
99.	Aprender lingua coas matemáticas (S) . . . . .	114
100.	Inténtao tamén en inglés! (S) . . . . .	115

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

Procesar textos

**Copia este texto para demostrar os teus coñecementos no uso do ordenador. Podes facelo en colaboración con algún compañeiro ou compañeira e podes utilizar a forma que queiras ou seguir as instrucións que se dan nesta ficha. Ao final, seleccionaranse os mellores traballos.**

## 1 Instrucións:

- Abre **Arquivo > configurar páxina** e marca as marxes, nos catro casos, 3 cm.
- Na barra de **ferramentas** marca a letra Times, de tamaño 14.
- Para escribir o título selecciona **Maiúsculas** e na barra de ferramentas a **negra** e o **subliñado**.
- Utiliza uns **boliches** para distinguir os parágrafos das distintas partes do castelo.
- Non esquezas escribir en **negra** as palabras máis importantes do texto.



## 2 Modelo:

### OS CASTELOS

Os castelos son edificios da Idade Media. No castelo vivía o señor coa súa familia e os seus serventes pero, en caso de perigo, os habitantes das aldeas veciñas refuxiábanse alí. Naqueles tempos, non había moita seguridade: os señores guerreaban entre eles e os bandidos saqueaban os campos.

#### **Partes dun castelo**

- **O foso.** Era unha profunda gabiá que rodeaba o castelo e que, a miúdo, estaba chea de auga. Para acceder ao castelo había que atravesar o **foso** por unha ponte levadiza.
- **A muralla.** O castelo estaba rodeado por unha grosa muralla que servía de protección. A muralla tiña estreitas aberturas, chamadas **troneiras**, polas que os arqueiros podían disparar as súas frechas resgardados do inimigo.
- **A torre da homenaxe.** Era a torre principal do castelo, na que vivía o señor. Para acceder á porta da torre había que subir por unha escaleira de madeira que se retiraba en caso de ataque.
- **As ameas.** Eran torres de menor tamaño que tiñan como función protexer os defensores e os vixías do castelo, que se agochaban detrás.
- **As alxubes.** Estaban situados nos sotos do castelo e neles encerrábanse os prisioneiros, á espera de que alguén pagase un rescate por eles.

MARIE FARRÉ, Ao amparo dos castelos.

(Adaptación)

## Mellorar a competencia lingüística

### O día do libro

O día mundial do libro é o 23 de abril. Nese día conmemórase a morte de dúas figuras da literatura universal: Miguel de Cervantes e William Shakespeare. Para moitas persoas, a celebración do día do libro é unha chamada e un estímulo para profundar nunha boa lectura ou para retomar un hábito que perderan.

Aproveitemos estas efemérides para solemnizar o que é o libro e o seu contorno e para que a dimensión emotiva posta de relevo nos diversos actos en que os alumnos poden participar deixe unha marca indeleble na súa formación.

Sen dúbida, ao poñer de relevo o libro estamos realzando a palabra, a boa escritura, a comunicación e a transmisión de ideas, valores humanos e culturais que están comprendidos na competencia en comunicación lingüística.

Nesta páxina suxerimos unha serie de actividades que se realizan en moitos centros de ensino con motivo desta data.

### Lectura compartida

En asemblea, elixir por votación un libro de gran calidade dun escritor consagrado que a todos lles apeteza ler en voz alta.

Os alumnos de diferentes cursos, o profesorado e persoal auxiliar lerán o libro por megafonía para que o poidan escoitar en todas as aulas.



### Feira do libro

A organización dunha feira do libro é unha ocasión para presentar, recomendar, comentar, aconsellar, difundir moitos títulos de libros. Os alumnos traen libros xa lidos e expóñenos na súa tenda. Pódese vender e entregar o recadado a unha ONG relacionada coa difusión da cultura ou pódese intercambiar por outros libros.

### Dramatización literaria

Selecciónase un capítulo dun libro ou o texto dun libro curto para representalo. É importante que antes da representación se presenten o libro, os autores e a importancia dese texto. Nos días precedentes ao 23 de abril entre todos pódese preparar o acto, o vestuario, a reprodución dos debuxos do libro, a música.



### Lectura de adultos

Producirá un impacto importante nos alumnos escoitar a lectura compartida entre profesores, pais, etc., cunha certa solemnidade. Pode substituírse por unha sesión de contacontos tanto para pequenos coma para maiores.

### Decoración do centro

Non pode faltar unha decoración de aulas, corredores, vestíbulos do centro con slogans, ditos importantes, debuxos, listas de libros, retratos de autores co obxecto de crear o clima emocional axeitado.



## Analizar a lingua coloquial en situacións cotiás

### Un observatorio do uso da lingua

Un complemento magnífico ao traballo que realizamos na clase de lingua é a observación de como falan os alumnos en situacións de espontaneidade e de relación entre iguais como son as que se dan no patio do recreo.

Cando falamos de observatorio, non queremos referirnos a unha especie de espionaxe ou á aplicación dun mecanismo correctivo sobre os usos lingüísticos dos nosos alumnos. Aquí o que propoñemos, basicamente, é a utilización dos diversos testemuños da linguaxe espontánea dos nenos como fonte para a reflexión e mellora dos hábitos de comunicación lingüística.

O traballo do observatorio consistirá, pois, en tomar notas, de vez en cando, da fala dos nosos alumnos, rexistrar esas anotacións, clasificalas e facer uso delas no momento que pareza conveniente: nalgunha sesión dedicada á comunicación oral, en exercicios de escritura que poderían aproveitar esa experiencia... Aquí referímonos á forma (como se fala) máis ca ao contido (de que se fala).

### Aspectos que se deben observar

#### Os comportamentos na comunicación

É un bo momento na formación dos nosos alumnos para inducilos en boas formas no diálogo, debate ou escoita. Esteamos atentos aos seguintes comportamentos por se houberse ocasión de dirixir a reflexión cara a posturas correctas e incorrectas.

- Escóitanse cando falan?
- Respectan a quenda de fala ou intentan impoñer a súa palabra?
- Intentan convencer elevando a voz?
- Están demasiado tempo calados na conversa?



#### Nivel de vocabulario

Non deben sorprendernos as limitacións de vocabulario. Unhas veces débense á fase evolutiva dos alumnos na que non se teñen palabras suficientes e precisas para verbalizar todo o que se quere expresar, e outras, ao mimetismo social no que se intenta reproducir a forma de falar de nenos de máis idade.

Fixémonos na frecuencia de uso de palabras de moda que, ás veces, non se sabe o que queren dicir, nas palabras comodín que serven para describir todo tipo de realidades e nos retrosos. Non desprezemos inicialmente esta linguaxe que aos nenos lles é útil para comunicarse e relacionarse socialmente e busquemos recursos para que descubran que se pode mellorar.

Aproveitemos a información que obtemos desta dimensión da linguaxe para orientar a clase de vocabulario.



#### Linguaxe discriminatoria

Como expresan as diferenzas? Nos patios do noso colexio ¿utilízanse nalgunha ocasión palabras ofensivas ou insultos por cuestión de diferenzas de nacionalidade, raza, discapacidade, de sexo, de costumes familiares ou por trazos físicos diferentes aos da maioría? Se algo disto existise, case con seguridade non sería por unha intención inaceptable, porque moitas veces o neno non sabe o que está dicindo, pero vale a pena estar atentos para previr unha insensibilidade futura cara a este tipo de expresións.

## Competencia lingüística en matemáticas

### Un obxectivo compartido

Os contidos e procedementos matemáticos, como é natural, serven para coñecer os conceptos matemáticos, os procesos e as súas aplicacións á vida real.

Pero tamén son unha oportunidade para aprofundar noutros saberes que interveñen. Por exemplo, recórrese á lingua, como instrumento de comunicación. Na área de Matemáticas hai oportunidades para traballar todos os programas que constitúen a competencia lingüística.

Nesta ficha apuntamos algunhas das integracións entre as dúas disciplinas e propoñemos algúns modelos de práctica. Pódense realizar estas actividades en calquera momento que pareza oportuno.

**A comprensión oral.** En Matemáticas, a maioría de coñecementos transmítese oralmente, a través das explicacións do profesor no encerado. Polo tanto, a comprensión oral é fundamental, as palabras, as expresións, as inferencias, a orde nos procesos, etc. Toda a comprensión posterior está ligada a este momento da secuencia didáctica. Por iso é importante asegurarse, mediante preguntas inmediatas, que se acadou este coñecemento.

**A expresión oral.** É unha das habilidades máis difíciles de adquirir. Contar as ideas e os procesos coas palabras precisas, de forma que sexan comprensibles, esixe un longo adestramento. As explicacións do profesorado son o modelo que van seguir os alumnos, polo tanto debemos coidar como o facemos.

**A comprensión escrita.** Os textos do libro de Matemáticas non son homoxéneos, tratan diferentes subxéneros dentro do campo do texto expositivo: definicións, narracións, descripcións, prescricións, instrucións, enunciados de problemas, etc.

Trate cada un dos textos coa atención que merece.

**Problemas.** Faga as preguntas de comprensión necesarias.

- De que fala o problema?
- Que teño que calcular?  
Que datos teño?
- Cal é o resultado final?

**Definicións.** Cómpre ir da información xeral á particular sen saltos.

Por exemplo, unha definición do cadrado coma esta:

Xeral: **é un polígono.**

Clase: **ten catro lados.**

Específico: **lados iguais e paralelos.**

**Os seus ángulos son retos.**



Non é igual ca estoutra:

**Un cadrado é unha figura con catro ángulos retos.**

**Procesos.** Cómpre ter moi claro:

- o que se vai facer,
- o que necesitamos,
- en que orde o facemos.



Con poucas palabras, claridade e precisión. Por exemplo: as instrucións para debuxar liñas paralelas.

**Redacción.** En Matemáticas escríbese pouco, pero debería escribirse máis para aclarar o vocabulario, para construír e corrixir as expresións matemáticas e para transmitir coñecementos a outras persoas. A sintaxe é moi importante, porque unha alteración das relacións entre palabras pode cambiar o significado dun texto.

## Aplicacións da linguaxe

A	Un/Unha	Adjetival	Adxectivo	After	Despois
All	Todo	Already	Xa	An	Un/Unha
Another	Outro	Any	Algún	Around	Arredor
Article	Artigo	As	Mentres	At	A
At once	Enseguida	Be	Estar/Ser	Before	Antes
Begin	Comezar	Between	Entre	Burn	Queimar
Buy	Pagar	By	Por	Calligraphy	Caligrafía
Can	Poder	Come	Vir	Consonant	Consoante
Cut	Cortar	Diphthong	Ditongo	Do	Facer
Draw	Debuxar	Dream	Soñar	Drink	Beber
Drive	Conducir	Each	Cada	Eat	Comer
Else	Máis	Enough	Bastante	Ever	Sempre/ Algúnha vez
Every	Cada	Feed	Alimentar	Few	Poucos
Fly	Voar	For	Para	From	Desde
Future	Futuro	Get	Conseguir	Give	Dar
Go	Ir	Have	Haber/Ter	He	El
Her	O seu (dela)	Here	Aquí	How	Como
How much	Canto...?	Infinitive	Infinitivo	If	Se
In	En/A (localización)	Leave	Deixar	It	Iso
Know	Saber	Less	Menos	Let	Deixar
Let's go	Imos	Love	Amar	Little	Pequeno
Look	Mirar	Many	Moitos	Made	Feito
Make	Facer	Meet	Encontrar/Coñecer	More	Máis
Most	O máis	Much	Moito	My	O meu / A miña
Name	Nome	Near	Cerca	Never	Nunca
Nothing	Nada	Nobody	Ninguén	Not	Non
Now	Agora	Of	De	On	En/Sobre
One	Un (cifra)	Other	Outro/Outra	Our	O noso/a nosa
Out	Fóra	Over	Encima	Past	Pasado
Pay	Pagar	Present	Presente	Put	Poñer
Quit	Abandonar	Read	Ler	Run	Correr
Save	Salvar/Gardar	Say	Dicir	See	Ver
Send	Enviar	Sentence	Frase	She	Ela
Sing	Cantar	Sleep	Durmir	So	Así
Some	Algún	Speak	Falar	Still	Aínda
Swim	Nadar	Tale	Conto	Tall story	Mentira
Take	Levar/Gardar	Teach	Ensinar	Tell	Dicir
Than	Que (comparativo)	Thank	Agradecer	That	Ese/Aquel
The	O/A/Os/As	Them	Os/As	There	Alí
They	Eles/Elas	Think	Pensar	This	Este
Those	Eses/Aqueles	Too	Demasiado	Verb	Verbo
Verbal	Verbal	Very	Moi	Vocal	Vogal
Walk	Andar	What	Que	We	Nós
Well	Ben	When	Cando	Where	Onde
Which	Cal/Que	Wish	Desexar	With	Con
Who	Quen	Whose	De quen	Why	Por que
Word	Palabra	Work	Traballar	Write	Escribir
Yet	Aínda	You	Ti/Vós	Yourself	Ti mesmo

# Textos orais, suxestións e solucións

## FICHA 4. Posibles anotacións:

- elevando a voz.
- chiscando un ollo.
- mirando fixamente o auditorio.

## FICHA 5. Respostas:

Literal: Botábanlle a un xerros cheos de auga

Figurado: Chovía moito.

Literal: Transformeime nunha pedra.

Figurado: Quedei quieto e sen palabras.

Literal: Está ata na sopa.

Figurado: Aparece en todos os sitios.

Literal: Sáenlle as palabras polas orellas.

Figurado: Fala moito, moitísimo.

## FICHA 8. Exemplo de resposta:

*Sigue recto, pasa tres bloques de casas e xira á dereita, sigue de fronte ata unha praza, despois, xira á esquerda...*

## FICHA 10. Resposta modelo:

1. Roberto tiña catro camisetas, non tiña impermeable. O chándal era de cor azul, gardaba os calzóns nunha caixa de cartón.

Roberto estaba no dormitorio. O día era fresco, dubidaba porque tiña moita variedade de roupa, puido escoller unha camiseta con manga, un xersei e uns pantalóns vaqueiros.

2. Son o terror dos sete mares. Recoñecemos un pirata polo garfo, o papagaio, o parche negro no ollo, a pata de pau e o sabre no cinto. Os capitáns levan nos petos moedas, balas de canón e os mapas.

3. O Carmiña era un barco de pesca. Tivo unha vía de auga. Ao avó do narrador. Pensa que é unha excusa para despedilo.

## FICHA 18. Texto oral:

A praia era moi longa e nela había moita xente. Había edificios moi altos xunto á praia. A min gustábame xogar onde non había xente: gabeaba polas rochas, corría pola area, charlaba cos amigos. Non se vían árbores nin plantas de ningunha clase.

## FICHA 21. Instrucións orais:

Lea unha primeira vez e moi amodo as instrucións, sen que os alumnos debuxen nada. Lea as instrucións por segunda vez aínda máis amodo dando tempo a que todos vaian debuxando segundo as indicacións.

Instrucións:

*Trazade unha liña horizontal para dividir o rectángulo pola metade. Na metade superior debuxade un triángulo equilátero e, dentro do triángulo, un círculo.*

*Dentro da metade inferior do rectángulo debuxade, no seu extremo inferior esquerdo, unha estrela. Despois, debuxade no centro unha árbore con flores. Finalmente, poñede o voso nome no extremo inferior dereito.*

## FICHA 22. Respostas:

1. Un monólogo. 2. Saxofón. 3. Un conto en imaxes. 4: Desculpe, podería...? 5: Non quero saber de ti. 6: Comprendino. 7: Mirando á mesa. 8: Tomar nota das ideas...

## FICHA 25. Respostas:

- Seguro que chega sempre o último en todas as probas.

- *Se declaramos gañadores aos verdadeiros vencedores, sen dúbida que nos fará matar.*
- *Soamente así o poderemos manexar como que-remos.*
- *Isto será o desprestixio do mundo grego!*
- *Saberano entender e darannos a razón.*

### **FICHA 26. Respostas:**

*regalaría; da Nai; candeia; adecuado; todo; noite; estiveron; chegaron; bisavoa de; levaba un; branca; cabeza; moi longo; vento; mirou a foto; suspirou e dixo; sombreiros; non se atopen; regalo que; pensou facer; día seguinte; buscar; uns veráns; sombreiro antigo.*

### **FICHA 27. Resposta:**

*Cando se puxo o sol, o ceo volveuse vermello. As poucas nubes que flotaban polo horizonte parecían anacos de algodón comestible con sabor a amorodo.*

*O primeiro que chamou a atención de Sofía foi que en África a noite está chea de rúidos. Na súa cidade europea, cando a xente se deitaba, pasaba algunha moto escandalosa ou un autobús nocturno, pero só de vez en cando. Logo quedaba en absoluto silencio.*

*Pero alí todos os animais parecían estar esper- tos. Baixo as estrelas daquel ceo acolledor, podíase escoitar moi facilmente o ouveo do cha- cal, a risa da hiena, a leria nocturna dalgúns papagaios e o ruxido da leoa. Os antílopes e as gacelas descansaban, sempre á espreita, prepa- rando a súa fuxida en caso de ser atacados. Só algúns monos, como os humanos, parecían durmir apraciblemente.*

### **FICHA 29. Respostas:**

1. *Natureza: A; Historia: D; Poesía: B; Aventu- ras: C*
2. *A, C, D, B.*

### **FICHA 30. Respostas:**

*vivían / campanario / coñecido / tiñan / pregun- toulle / pai / vivos / dano / problema / amigo / noite / sabas / bromas / día / ollos.*

### **FICHA 31. Resposta:**

*1: Un conto; 2: Un poema; 3: Unha explicación científica; 4: Unha noticia.*

### **FICHA 32. Resposta modelo:**

*2. Encantaralles xogar na piscina; pasear pola montaña entre as árbores; montar en bicicleta todos xuntos e tamén a cabalo.*

### **FICHA 33: Respostas modelo:**

*Todo o mundo está preocupado pola escaseza de auga potable. Piden que haxa auga para beber e para regar os campos.*

*Os lincos ían desaparecer pero logrouse que se reproduzan en granxas.*

*Moita xente tira lixo na praia, botes, bolsas de plástico, restos de comida...*

### **FICHA 34. Resposta modelo:**

*1. Un poldro moi curioso; 2. Así nace un arquipélago. 3. Como coidar a mascota; 4. Curiosidades do mundo animal.*

### **FICHA 35. Respostas:**

*carteiro, avoa, café, burro, discutían, paquete, lapis, caixa, timbre, rico, triste, enriba.*

### **FICHA 36. Respostas:**

*1. Ola, Ana. Non podo ir mañá. Intentareino de novo. Bicos. Ola, Luís. Como estás? Hoxe non podo verte porque teño que ir á casa de meus curmáns. Ola, guapa! O sábado é o meu ani- versario. Escriboche por se podes vir. Ademais, veñen Carlos e Luís.*

2. Ol= Ola; Bcs= Bicos; X= por; NN= non.

3. Ola, Ana. Non podo ir. Mañá intentareino de novo. Fronte a: Non podo ir mañá. Intentareino de novo.

### FICHA 37. Respostas:

1. A súa orixe remonta ao antigo Exipto.

2. Bisté tártaro. 3. Da cidade alemá de Hamburgo. 4. Porque era carne de mala calidade e para darlle máis sabor. 5. No século XIX.

### FICHA 38. Preguntas e respostas:

Preguntas orais:

1. Á miña tartaruga doulle tres comidas ao día, fago ben?

2. Estes días non teño tempo de cambiarlle a auga ao acuario. Que podo facer?

3. Dormen as tartarugas durante o inverno?

4. Por que lles poñemos no acuario pedras que sobresaen da auga?

5. As tartarugas teñen un rabo longo? E orellas?

Resposta da ficha:

Texto A instalación dun acuario...: responde a pregunta 4.

Texto As tartarugas no inverno: responde a pregunta 3.

Texto A alimentación...: responde a pregunta 1.

Texto A limpeza...: responde a pregunta 2.

Esquema A tartaruga de auga: responde a pregunta 5.

### FICHA 40. Respostas:

1. Tres personaxes: o pai, a nai e o fillo.

2. Porque está cansa de que o fillo non se preoccupe dela.

3. O fillo é egoísta e pouco colaborador.

### FICHA 41. Respostas:

Damos as definicións correctas de cada palabra.

1. ACIBECHE: tipo de carbón; BURBULLAS: globiños de aire nun líquido; INERTE: que non ten vida; LAPARADA: un lume moi grande; XILÓFONO: instrumento musical.

Resposta libre para o resto de definicións.

### FICHA 49. Respostas:

Coidado!; Sae do meu camiño, paxaro parvo!; Por que o atopelaches, malvado?; Cala, parvo. Gañareiche, ha ha!; Que poderei facer? Se me gaña, nunca serei campión. Adeus tartaruga! Espérote na chegada; Axúdoche eu, non te preocupes! Maldito paxaro!

### FICHA 52. Respostas:

1. ANANA; SERES; RAIAR; ESE; ABA; SOMOS; SALAS; NADAN; ASA; AEREA.

2. OSO; EME; OLLO.

3. Aroma a amora; Amada dama; O galo nada no lago; Eva ase esa ave; Luz azul; O lobo ama o bolo.

### FICHA 57. Resposta modelo:

Posibles etiquetas: alimentos; bricolaxe; roupa; papelería; supermercado; ferraxaría; rebaixas...

### FICHA 58. Resposta modelo:

2. Era un home que camiñaba pola selva cunha cabina telefónica e outro que levaba un pelouro moi pesado. E este dille ao outro: «Por que levas unha cabina?». E el contéstalle: «Porque se vén un león métome dentro e non me collerá». E preguntalle ao outro: «E ti por que levas unha pedra tan pesada?». O outro contesta: «Porque se vén un león tíroa e corro máis rápido».

### FICHA 60. Resposta modelo:

Deixe que actúe a imaxinación dos alumnos. En caso de que pidan algunha axuda dígalles: como preparar unha ensalada especial, como facer

funcionar unha máquina que debuxa por si soa, como construír un instrumento musical cunha caixa de zapatos...

### **FICHA 62. Respostas:**

1. É escribir sobre a vida dunha persoa; 2. É escribir unha historia, real ou inventada; 3. Divídese en parágrafos para separar as ideas principais; 4. O remitente dunha carta é o que escribe a carta; 5. Inténtase explicar unha idea a outros; 6. Un conto consta de presentación, nó e desenlace; 7. Chámase caligrafía; 8. Un SMS é unha mensaxe enviada por teléfono móbil.

### **FICHA 64. Resposta:**

1 e 2. Horizontais: guitarras (sonoras), uvas (maduras), tixolas (redondas), montañas (altas), escadas (curtas) Verticais: mesas (cadradadas), augas (limpas).

### **FICHA 65. Resposta:**

1. CÁRCERE; 2. MANTEL; 3. PANADEIRO; 4. MANDARINA; 5. CARTEL; 6. REGRA; 7. DEIXADO.

### **FICHA 66. Respostas modelo:**

1. SOL, PATO; LAVA; BAIXA; SOSA; LAZO; MUNDO; POLA; LOUSA; SECO; LEA; RISA; CURVO; CEA; FONTE; CATRO; MALA; RATA; MALETA; PRAZA; TARRO; TORTA; PORRA; XESTA.

2. PITO – PATO – GATO; META – MESA – MISA; TILA – VILA – VIÑA; MONO – MOCO – ZOCO; FOTO – FOXO – COXO; CASA – CAZA – RAZA.

### **FICHA 67. Resposta modelo:**

2. Para describir con detalle: verde, grande, transparente. Para comparar: máis barata ca..., menos alongada ca..., máis útil ca... Para describir nun conto: máxica, marabillosa, única...

### **FICHA 68. Resposta modelo:**

*Ninguén sabía como chegaran as ratas ata a aldea. Empezaron a aparecer de repente polas rúas e coábanse en todos os sitios. Cada vez chegaban máis. Empezou a correr a voz de que se trataba dunha maldición: as ratas rebeláranse. (...)*

### **FICHA 69. Resposta:**

*Hai moito tempo un viaxeiro chegou a unha pousada e pediu comida ao pousadeiro. Este preparou dous ovos fritos que o home comeu nun abrir e pechar de ollos. Despois de comer, o viaxeiro esqueceu pagar. Daquela o pousadeiro berrou con furor.*

*–Tunante, xa virás outro día. [...]*

### **FICHA 70. Respostas:**

2a. Paulo era un mociño encantador [...] Era traballador, divertido e bastante impaciente co irmán, que pasaba o día espiándoo [...] Cando estaba contento, todos rían [...] chegou un tempo en que Paulo [...] semellaba máis triste e distraído ca de costume.

2b. Un día, os raposos invitaron as cegoñas a comer na súa casa. Pero non pensaron no longo bico das súas amigas e serviron os deliciosos manxares nun prato. Os raposos comeran opi-paramente, pero as cegoñas só puideron petear a comida. [...]

### **FICHA 71. Respostas:**

1. ENCESTAR. 2. XUTAR. 3. REMAR. 4. CORRER. 5. PATINAR. 6. PEDALEAR. 7. SALTAR. 8. ESQUIAR. 9. ESCALAR. 10. NADAR.

### **FICHA 73. Respostas:**

1. alto-baixo; escuro-claro; bondade-maldade; débil-forte; enfermidade-saúde; vellez-xuventude; alegría-tristeza; beleza-fealdade. 2. A MENSAXE DI: O VELLO POR NON PODER E O MOZO POR NON SABER, DEIXAN A COUSA PERDER.

### FICHA 75. Resposta modelo:

A: amar, B: buscar, C: comer; D: dobrar; E: escoitar; F: faltar; G: gañar; H: habitar; I: imaxinar; L: limitar; M: mexar; N: nadar; O: ordenar; P: pesar; Q: quentar; R: riscar; S: sobrar; T: ter; U: usar; V: ver; X: xurdir; Z: zoscar.

### FICHA 76. Orde das fichas:

SAÍDA. LEVAR - TRANSPORTAR. VAGO - PREGUICEIRO. DESEXAR - QUERER. OBSERVAR - MIRAR. ALEGRE - CONTENTO. CONTESTA - RESPONDE. PERO - MAIS. UNIDO - PEGADO. DISTRAÍDO - DESPISTADO. BELEZA - FERMOUSURA. GRACIOSO - DIVERTIDO. ENGAÑO - TRAMPA. LISTO - ASTUTO. ENFADADO - ANOXADO. DISPUTA - PELEXA. LATRIQUEIRO - REXOUBEIRO. DICIR - FALAR. MÁGOA - PENA. OÍR - ESCOITAR. BARCA - BOTE. FIN.

### FICHA 77. Exemplo de resposta:

Irmáns: nome común, masculino, plural;  
Peter: nome propio, masculino, singular;...  
casa: nome común, feminino, singular; cidade: nome común, feminino, singular;...  
profesor, día, cuarto, armario, Narnia...

### FICHA 78. Resposta:

1. gramática; 2. sinónimo; 3. adxectivos; 4. cada golpe de voz; 5. 23; 6. numeración romana; 7. calzar; 8. un tempo pasado; 9. paracaídas; 10. unha palabra con acento na antepenúltima sílaba.

### FICHA 92. Preguntas e respostas:

Pídalles aos alumnos que observen a primeira fila de letras e que as graven na memoria. Despois, pídalles que tapen a fila con outra folla, cunha cartolina ou co estoxo, por exemplo, e que respondan a pregunta da parte de abaixo da ficha. A continuación faga o mesmo coa segunda fila, a terceira, etc.

Preguntas:

1. Que letra segue o X?
2. En que orde están escritos os números?
3. Cal é a imaxe que ocupa o terceiro lugar?
4. Cal é a primeira figura? E a última?
5. Cal das tres palabras se escribe con V?

### FICHA 95. Respostas:

1. Bicicleta, barco, avión, cabalo.
2. a. abrigo / b. vacacións / c. veces / d. sempre / e. arriba / f. luceiro / g. aquí / h. había / i. hábil / l. xear / m. inverno / n. xente.
3. a. Que ben que xa chegaches! b. Respóndeme: estás seguro diso? c. Que día é hoxe? Onte foi martes.